

ACTA DA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA
CELEBRADA O DÍA 24 DE SETEMBRO DE 2015

Sras./Sres. Asistentes:

ALCALDE-PRESIDENTE

D. ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIRAS/OS

DONA TANIA GARCÍA SANMARTÍN

D. ARGIMIRO SERÉN MERA

DONA PAOLA MARIA MOCHALES

D. LINO MOURIÑO SANTIAGO

DONA SONIA OUTÓN CASAL

D. JUAN ANTONIO PÉREZ CALLÓN

DONA LUZ M^a ABALO PÉREZ

D. TOMÁS FOLE DÍAZ

DONA ROCÍO A. LLOVO DEL RÍO

DONA ELENA SUÁREZ SARMIENTO

D. JESÚS LONGA SÁNCHEZ

DONA ANA M^a GRANJA GUILLÁN

D. ANGEL BENITO PÉREZ DORGAMBIDE

DONA SAGRARIO CASTRO VIDAL

D. JESÚS LÓPEZ RODRÍGUEZ

DONA MARÍA MOSQUERA LEAL

D. JUAN MANUEL FAJARDO RECOUSO

D. XAVIER RÍOS GONZÁLEZ

D. GASPAR ANTONIO GONZÁLEZ SOMOZA

SECRETARIA

DONA ROSA LOSADA SUÁREZ

INTERVENTORA

DONA TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, sendo as 17:00 horas do día 24 de setembro de 2015, e coa asistencia da Secretaria e Interventora, reuníronse, en primeira convocatoria, os señores Concelleiros, que á marxe se relacionan como asistentes, co obxecto de celebrar Sesión Plenaria Ordinaria convocada ó efecto.

A continuación procédese a trata-los asuntos que figuran na Orde do Día:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior de data 27 de agosto de 2015.

2. Toma de coñecemento dos Decretos da Alcaldía emitidos nos meses de xullo e agosto de 2015.

3. Toma de coñecemento da solicitude de participación cidadá presentada por parte de asociacións ou entidades en relación con un punto da orde do día que lle afecte directamente e posterior intervención a través dun único representante das mesmas.

4. Toma de coñecemento da renuncia ao cargo de Concelleira por parte de Dona María Villaronga Chazo.

5. Aprobación, se procede, da Conta Xeral do Concello correspondente ao exercicio de 2014.

6. Aprobación, se procede, do expediente de modificación de créditos con destino ao aboamento do 26,23% da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do Concello.

7. Denegación, se procede, da modificación puntual do PXOM para a supresión da ficha número 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar (Casa Becerra).

8. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre creación bolsa de emprego municipal.

9. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre un novo ximnasio no CEIP de Rubiáns

10. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, de apoio ás persoas refuxiadas e emigrantes en Europa.

11. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG, en defensa do sector lácteo galego.

12. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en defensa do aparcadoiro público na Estación de Renfe.

13. Aprobación, se procede, da moción presentada polo grupo político municipal de Somos Maioría, para a repoboación arbórea en Cornazo, Rodrigo de Mendoza, Praia Compostela e Praza de Abastos.

14. Aprobación, se procede, da proposta presentada pola C.I.G. sobre medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.
15. Interpelacións.
16. Mocións presentadas polos grupos políticos municipais por razóns de urxencia.
17. Rogos e preguntas.
18. Quenda de rogos e preguntas entre o público asistente á sesión.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 27 DE AGOSTO DE 2015.- Polo Sr. Alcalde pregúntase se hai algunha proposta de rectificación da acta correspondente á sesión plenaria de data 27 de agosto de 2015.

Non habendo ningunha proposta de rectificación queda aprobada por unanimidade.

2.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS DECRETOS DA ALCALDÍA EMITIDOS NOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2015.: Pola Secretaria dáse conta ao Pleno da Corporación dos Decretos emitidos pola Alcaldía:

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE XULLO DE 2015:

Nº	DESCRIPCIÓN
1	Creación e composición de Comisións Informativas Permanentes
3	Arquivo expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Declaración caducidade procedemento de reposición urbanística e incoación novo expediente
1	Imposición de multa coercitiva por muro en mal estado
1	Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística
1	Orde retirada peche por incumprimento de resolución
1	Requirimento presentación informe-ditame de seguridade elementos exteriores de inmovible
1	Requirimento adopción medidas para garantir seguridade da vía pública
4	Orde prazo para axustar obras a licenza ou solicitar licenza municipal
1	Sobresemento expediente sancionador por promoción alcohólica en local
1	Deixar sen efecto resolución precinto instalación
1	Declaración clausura ou peche de actividade
2	Iniciar expediente sancionador por infracción ordenanza ruídos
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de gratificación por festivos
1	Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en xornada nocturna
1	Deixar sen efecto pago delegado da prestación de IT a empregado municipal.
1	Orde tramitación baixa a efectos de cotización empresarial de empregado municipal
3	Concesión gratificación especial por diferenza retribucións complementarias
3	Aprobación bases reguladoras convocatoria probas selectivas para nomeamento funcionarios/as interinos/as
1	Constitución tribunal proceso selectivo contratación persoal programa integrado de emprego
2	Nomeamento funcionario/a interino/a a tempo completo
1	Designación de interventora da FPSDM por vacacións da titular.
2	Designación de Interventora accidental por vacacións da titular.
1	Designación de Secretaria Xeral Accidental por vacacións da titular.
1	Designación Xefe en funcións da Policía Local por vacacións da titular.
1	Designación de Tesoureira Accidental por vacacións da titular.
1	Designación como Xefa en funcións da Sección de Rendas por IT de titular.
1	Designación como Encargado Accidental do Servizo de Obras por vacacións do titular

- 1 Designación como Encargado Accidental do Servizo de Mantemento e alumado público por vacacións do titular
- 1 Arquivo de expediente disciplinario incoado a empregado municipal
- 1 Aprobación gasto aportacións ao Plan de Pensións do mes de xuño
- 18 Autorización celebración actuacións musicais/bailes e verbenas ao aire libre
- 8 Autorización realización espectáculo pirotécnico
- 2 Concesión de licenza de obra maior
- 1 Concesión de licenza para acometida e conexión de auga
- 1 Aceptación comunicación previa obras
- 3 Concesión de licenza para obras de canalización
- 1 Designación vocais mesa contratación adxudicación contrato explotación quiosco-bar Praia Compostela
- 1 Aceptación renuncia a adxudicación contrato explotación quiosco-bar Praia Compostela
- 4 Aprobación expediente de modificación de créditos de xeración de créditos de natureza non tributaria
- 4 Aprobación expediente de modificación de créditos de transferencias de créditos
- 2 Recoñecemento de obrigas
- 4 Inscripción de can no Rexistro Municipal de Animais Potencialmente Perigosos
- 2 Declarar a improcedencia de iniciar expediente sancionador infracción de tráfico
- 6 Desestimación alegacións e confirmación resolución expediente sancionador de tráfico
- 1 Sobresemento actuacións expediente sancionador de tráfico
- 1 Dar por concluído expedientes incoados por sancións de tráfico e impoñer sancións
- 6 Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
- 8 Concesión/denegación aprazamento/fraccionamento de débeda
- 5 Orde de pago de facturas
- 2 Representación e defensa intereses do Concello exercida por letrado en procedemento xudicial

TOTAL: 124

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA DO MES DE AGOSTO DE 2015:

- | Nº | DESCRIPCIÓN |
|-----------|--|
| 1 | Concesión de licenza definitiva establecemento AMINP |
| 2 | Concesión de licenza municipal de obra maior |
| 1 | Aceptación comunicación previa obra menor |
| 9 | Incoación de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 1 | Non admitir, por extemporáneo, recurso de reposición contra resolución arquivo expediente |
| 1 | Arquivo de expediente aberto e orde a propietario para que remate valado provisional de parcelas |
| 1 | Arquivo de expediente de reposición da legalidade urbanística |
| 1 | Desestimación alegacións presentadas e requirimento aporte informe ditame seguridade elementos exteriores inmobile |
| 3 | Requirimento concesión prazo para que aporte informe ditame seguridade elementos exteriores inmobile. |
| 1 | Orde concesión prazo para presentación informe de seguridade de contorno muro |
| 1 | Orde concesión prazo para solicitude de licenza municipal de obras |
| 1 | Orde concesión prazo para que acredite documentalmente a data de instalación de barbacoa e leñeira |
| 1 | Establecemento prazo presentación de solicitudes para instalación barras exteriores festas de San Roque |

- 2 Autorización ou denegación de instalación de barras exteriores festas de San Roque
- 2 Autorización celebración de bailes e verbenas populares ao aire libre
- 2 Denegación realización de actuacións musicais ao aire libre
- 2 Aboamento diferenzas complementarias por asumir funcións de categoría superior.
- 13 Nomeamento de funcionario/a interino/a Profesor/a Conservatorio 2015/2016
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos prestados en domingo
- 1 Recoñecemento e aboamento en nómina de servizos en xornada nocturna
- 1 Comunicación a organización sindical proceso selectivo para contratación 1 Psicólogo
- 1 Corrección resolución referida a substitución Xefe Sección de Rendas
- 1 Aprobación lista aspirantes admitidos e excluídos para contratación un/ha psicólogo/a con especialidade en psicoloxía clínica
- 1 Aprobación bases reguladoras convocatoria probas selectivas concurso-oposición operario/a sepultureiro/a
- 1 Aprobación corrección de erros bases reguladoras convocatoria probas selectivas concurso-oposición operario/a sepultureiro/a
- 1 Aprobación gasto aportacións ao Plan de Pensións do mes de xullo
- 6 Iniciación de oficio expedientes sancionadores de tráfico
- 1 Concesión de tarxeta de armas
- 1 Recoñecemento de obriga derivado de contrato de compra-venda
- 1 Aprobación expediente de Modificación de Créditos de Transferencias de Créditos de Persoal
- 1 Aprobación expediente de Modificación de Créditos de natureza non tributaria
- 6 Orde de pago de facturas
- 1 Aplicación de cobro realizado a sanción imposta e anulación do cobro imputado.
- 3 Concesión/Denegación de fraccionamento de débeda
- 1 Solicitar ofertas para formalización de contrato menor actualización e mantemento do Catastro de bens inmobles
- 27 Compensación de débito e crédito
- 2 Aprobación plan de seguridade e saúde obras
- 1 Aprobación de expediente de contratación mediante procedemento negociado sen publicidade

TOTAL: 104

O Concello Pleno queda sabedor.

3.- TOMA DE COÑECEMENTO DA SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ PRESENTADA POR PARTE DE ASOCIACIÓNS OU ENTIDADES EN RELACIÓN CON UN PUNTO DA ORDE DO DÍA QUE LLE AFECTE DIRECTAMENTE E POSTERIOR INTERVENCIÓN A TRAVÉS DUN ÚNICO REPRESENTANTE DAS MESMAS.:

Dáse conta do disposto no ARTIGO 23.- do Regulamento Orgánico do Pleno:

Cando algunha das asociacións ou entidades, ás que se refire o artigo 72 da Lei 7/1985, de 2 de abril, desexen facer unha exposición ante o pleno, en relación con algún punto da orde do día que lle afecte directamente, deberá solicitalo á alcaldía mediante escrito presentado no rexistro do concello, un día antes da celebración da sesión plenaria. Coa autorización da alcaldía, e a través dun único representante, poderá intervir durante o tempo que a alcaldía lle conceda, con anterioridade á lectura, debate e votación da proposta incluída na orde do día.

Aqueles asuntos onde estean previstas as intervencións de asociacións ou entidades poderán ser tratados con carácter preferente aos restantes asuntos incluídos na orde do día da correspondente sesión plenaria.

Están presentadas as seguintes solicitudes de participación cidadá:

- D. Marcos Rubianes César, en nome da ANPA CEIP Rubiáns, que solicita intervir en relación co tema do ximnasio no CEIP de Rubiáns (Moción grupo político municipal de EU).

- D. Xoán Xosé Bouzas Aboi, como Secretario Comarcal da CIG-SALNES en relación co asunto co nº 14 da orde do día.

A seguir polo Sr. Alcalde indícase que se tratará o asunto que figura co número 9 e a continuación o asunto que figura co número 14 na Orde do Día do Pleno.

9.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBRE UN NOVO XIMNASIO NO CEIP DE RUBIÁNS.- Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de EU coa data de 16 de setembro de 2015, do seguinte teor:

D. Jesús López Rodríguez, D^a. María Mosquera Leal e D. Juan Manuel Fajardo Recouso, Concelleiros do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía de Arousa, veñen a formular para a súa aprobación a presente MOCIÓN en base á seguinte:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A Deputación de Pontevedra mantíña un compromiso de executar o necesario pavillón no colexio público de Rubiáns, esta infraestrutura longamente demandada pola comunidade escolar, que foi defendida de forma unánime polo conxunto de grupos da corporación, e incluso foi aprobada nunha moción deste grupo durante o mes de xullo, dentro doutras necesidades educativas do Concello.

A pasada semana a nova presidenta da Deputación Provincial, Carme Dasilva, anunciaba a imposibilidade de acometer a obra por falla de fondos. Para o noso grupo non é de recibo esta información cando si se manteñen outros compromisos con outros concellos e entidades, e unha vez máis se volve a esquecer ao colectivo de alumnos de Rubiáns, que non poden convivir con unha instalación insalubre máis tempo.

Por todo isto propónse que o pleno da corporación adopte o seguinte

ACORDO

Primeiro: O Concello de Vilagarcía esixa a Deputación Provincial que manteña o seu compromiso de acometer durante este curso lectivo as obras necesarias para a construción dun novo Ximnasio no CEIP de Rubiáns, e que estas obras, comencen antes de finalizar o mes de outubro.

Segundo .- Dada a necesidade e urxencia da obra, transcorrido o prazo establecido no punto 1º, o Concello de Vilagarcía executará esta obra, con fondos propios, que no caso de non manterse o compromiso acadado no seu día por parte da administración provincial, deberán ser reclamados xudicialmente á Deputación provincial, xa que é un compromiso adquirido, e unha infraestrutura que non reúne condicións de salubridade e seguridade para os alumnos.

Vilagarcía a 15 de Setembro de 2015

- Intervén o Sr. López Rodríguez indicando que presentarán outra proposta con correccións.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de EU informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de EU sobre un novo ximnasio no CEIP de Rubiáns

Dáse conta da Moción de “corrección de erros” presentada polo Grupo Municipal de EU, coa data de 23 de setembro de 2015, propoñendo a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro: O Concello de Vilagarcía esixa a Deputación Provincial que manteña o seu compromiso de acometer durante este curso lectivo as obras necesarias para a construción dun novo Ximnasio no CEIP de Rubiáns, ou trasladar a esixencia a Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Establecendo como prazo de resposta antes do remate do mes de outubro.

Segundo .- Dada a necesidade e urxencia da obra, transcorrido o prazo establecido no punto anterior, o Concello de Vilagarcía iniciará o procedemento para executar obra necesaria, e que esta poda comezar sen máis demora coincidindo co remate do curso. Procedemento que se iniciará con fondos propios, que no caso de non manterse o compromiso acadado no seu día por parte da administración provincial, e ser rexeitado pola administración Autonómica, deberán ser reclamados para a súa reposición, xa que é un compromiso adquirido, e é unha infraestrutura que non reúne condicións de salubridade e seguridade para os alumnos, o que xustifica a adopción urxente da medida.

- Intervén unha representante da ANPA solicitando unha partida económica para levar a cabo o compromiso do Sr. Louzán para unhas instalacións dignas.

Pregunta pola titularidade do ximnasio.

Indica que a ANPA prohibirá entrar aos seus fillos no ximnasio actual do CEIP Rubiáns.

- O Sr. López Rodríguez indica que as instalacións do ximnasio non reúnen as condicións de seguridade. Son cuestións básicas. Agora con amplo poder debe pedirse na Deputación unha partida orzamentaria.

Debe esixirse á Deputación unha partida económica, e á Xunta de Galicia que imparta clases en instalacións dignas.

Indica que non sabían que estaba incluído no pacto de goberno a obra de Rubiáns. Pide que en outubro se empece cos trámites e se execute canto antes.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que a situación é sangrante. O ximnasio está nun estado deplorable. É unha aula de educación física que non pode estar nesas condicións.

A situación non é nova. Hai que poñerlle unha solución. O curso está en marcha. Débese solicitar a construción dunha nova aula e a Deputación debe manter os seus compromisos.

Débese presionar nas Institucións e débese solucionar esa situación.

Apoia á ANPA.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que as políticas dos gobernos do PP en educación levan a estas situacións. Se prioriza o ensino privado sobre o público. Despois de tantos anos non se poden permitir unhas instalacións que supón un risco para as crianzas.

Xogando coa saúde dos rapaces, a Xunta de Galicia mira para outro lado. O Concello debe esixir ás outras Administracións que cumpran as súas responsabilidades.

Di que están ao lado da ANPA e apoian as iniciativas tendentes a dar solución a este problema.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP non é goberno neste mandato nin vai a selo. Adianta o apoio á ANPA. Visitaron as instalacións co Presidente da Deputación Provincial. Hai un cambio de goberno e ten que haber unha continuidade nos compromisos do Concello e a Deputación.

O Sr. Louzán dixo que era o seu compromiso e se había un cambio de goberno non poden cambiar ese compromiso.

O PP no acordo acadado co PSOE pon como prioridade o Colexio de Rubiáns. Os tempos da Administración son lentos, hai que redactar un proxecto e licitar a obra. Tamén dixeron cando o PSOE era oposición que o Concello asumiría as obras se non as facía a Xunta de Galicia.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o grupo socialista defende a construción dunha nova aula de educación física para o CEIP Rubiáns.

EU pedía reclamarlle xudicialmente á Deputación a construción e agora corríxe a Moción. O PSOE no Parlamento presentou emendas aos orzamentos da Xunta de Galicia e piden unha nova aula para o CEIP Rubiáns. O Deputado de EU presentou a última iniciativa no ano 2013.

Se lle explicou que a competencia é da Consellería e reivindicar fondos para a aula á Consellería de Educación, se non chega buscarán fórmulas.

Farán todos os esforzos para que se constrúa.

- Intervén o Sr. López Rodríguez pedindo que non se paren na ironía. Os problemas de redacción non son un problema na Moción. O Deputado de EU fixo propostas no Parlamento.

Débase ter en conta o prometido polo PP no Goberno e o PSOE na oposición de que en última instancia se faría polo Concello.

Esperan unha resposta ata finais de outubro e, con ou sen eles, que o faga o Concello.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que fóra da problemática concreta desta aula de educación física, hai unha proposta dunha ANPA na que están dacordo, non da idea de cómo levar a cabo ese traballo.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG está por dar unha solución urxente e se debe involucrar a outra Administración. O grupo do PP fixo as súas as cacicadas electorais co Sr. Louzán e non parece adecuado.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que fixeron un compromiso como Alcalde cando o era, e igual o Presidente da Deputación.

Non é o mesmo un pavillón que un ximnasio ou unha aula. Os representantes do PSOE antes dicían que había que facer as obras, fose como fose. Agora están no goberno e deben cumprir, coa súa palabra.

Espera que se cumpra o anterior compromiso.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que queren facilitar a aprobación da Moción. Para votar a favor debese corrixir, pois se debe esixir antes a Xunta de Galicia.

Se a Consellería non responde o Concello buscará outros fondos doutras administracións e tamén municipais.

Di que están traballando e preguntaron á Presidenta da Deputación sobre o Colexio de Rubiáns, pero manifestou que non figura ese compromiso.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que non entende as esixencias do PSOE. A responsabilidade é da Consellería, pero hai un compromiso da Deputación e debe esixirse o cumprimento dese compromiso.

- Intervén o Sr. Serén Mera dicindo que non hai compromiso da Deputación, hai do Sr. Louzán en campaña electoral.

Indica que o seu compromiso non lles obriga a facer esta construción por ser competencia municipal impropia.

Pide que o 1º apartado sexa: *Instar en primeiro lugar á Consellería de Educación.*

Sometido a votación o asunto co cambio indicado, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presente no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a Moción presentada polo grupo municipal de EU e,

Primeiro:

- Esixir á Consellería de Educación para que acometa as obras necesarias para a construción nun novo Ximnasio no CEIP de Rubiáns, establecendo como prazo de resposta antes do mes de outubro de 2015.
- De ser desfavorable a resposta da Consellería, esixir á Deputación Provincial que manteña o seu compromiso de acometer durante este curso lectivo as obras necesarias para a construción dun novo Ximnasio no CEIP de Rubiáns.

Segundo: Dada a necesidade e urxencia da obra, transcorrido o prazo establecido no punto anterior, o Concello de Vilagarcía iniciará o procedemento para executar obra necesaria, e que esta poda comezar sen máis demora coincidindo co remate do curso. Procedemento que se iniciará con fondos propios, que no caso de non manterse o compromiso acadado no seu día por parte da administración provincial, e ser rexeitado pola administración Autonómica, deberán ser reclamados para a súa reposición, xa que é un compromiso adquirido, e é unha infraestrutura que non reúne condicións de salubridade e seguridade para os alumnos, o que xustifica a adopción urxente da medida.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA PROPOSTA PRESENTADA POLA C.I.G. SOBRE MEDIDAS PARA GARANTIR A ENERXÍA COMO SERVIZO PÚBLICO E CONTRA A POBREZA ENERXÉTICA.: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito presentado coa data de 28 de agosto de 2015, por D. Xoán Xosé Bouzas Aboi, Secretario CIG-SALNÉS, sobre proposición de lei, por iniciativa lexislativa popular (ILP), de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética, solicitando o seu debate no Pleno da Corporación Municipal, e a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa lexislativa popular pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, protavoces parlamentares e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo: Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa lexislativa popular.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da proposta presentada pola CIG sobre medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética.

- Intervén un representante da CIG para defender a proposta presentada.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que se fan eco das medidas da CIG e as apoia. A enerxía nin se crea nin se destrúe, transfórmase.

Que a enerxía supoña un enriquecemento para a xente e non un empobrecemento. Que se defendan os intereses dos cidadáns. Débense aproveitar as enerxías renovables.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que o BNG subscribe as propostas e argumentos da CIG. Non entenden que en Galicia haxa que pagar a enerxía máis cara que noutras zonas do Estado. Hai familias que non poden acceder polo prezo que se aplica.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que moitas axudas ás familias van a pagar a tarifa eléctrica. Hai pouca relación entre a zona produtora e beneficios para a cidadanía.

EU presentou unha moción de familias en risco de exclusión e promover esta iniciativa legislativa popular é bo, pois é básico un acceso fundamental ás enerxías.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que poden estar de acordo en moitas propostas coa CIG. Cando foron goberno chegaron a moitas persoas con axudas para luz e realizáronse traballos para aforro en alumado público.

A Xunta de Galicia pon en marcha accións para axudar ás familias.

Outras propostas da CIG o PP non as comparte e se van a abster.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE vai apoiar a proposta da CIG e entenden que a luz é un ben de primeira necesidade. Hai dificultades das familias para pagar o recibo da luz e asinarán a iniciativa legislativa popular.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE (7), EU (2), BNG (1) e Somos Maioría (1) e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP.

ACÓRDASE: Por maioría:

Primeiro: Manifestar o apoio da Corporación Municipal á proposición de lei de medidas para garantir a enerxía como servizo público e contra a pobreza enerxética que se está a impulsar por iniciativa legislativa popular pola Confederación Intersindical Galega (CIG) e dar traslado do mesmo á presidencia do Parlamento de Galiza, voceiros parlamentarios e presidente da Xunta de Galiza.

Segundo: Animar á veciñanza do noso concello a apoiar esta iniciativa legislativa popular.

4.- TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO DE CONCELLEIRA POR PARTE DE DONA MARÍA VILLARONGA CHAZO.: Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta do escrito dirixido ao Alcalde e presentado no Rexistro xeral o día 10 de setembro de 2015 por Dona María Villaronga Chazo, no que expresa a renuncia ao cargo de concelleira.

Neste asunto faise saber pola Secretaria que ao abeiro da Instrución da Xunta Electoral Central de 10 de xullo de 2003 sobre substitución de cargos representativos locais, débese poñer esta renuncia en coñecemento do Pleno, remitíndose certificación do acordo adoptado á Xunta Electoral Central a efectos de proceder á substitución conforme ao disposto na Lei orgánica de réxime electoral xeral 5/1985, indicando o nome da persoa que a xuízo da corporación lle corresponde a vacante.

O artigo 182 da Lei 5/1985 prevé que en caso de renuncia dun concelleiro, o escano atribuirase ao candidato ou no seu caso, ao suplente da mesma lista a quen corresponda, segundo a orde de colocación.

Recibida a certificación da Corporación local de toma de coñecemento do cese no cargo representativo local, a Xunta Electoral expedirá a credencial acreditativa da condición de electo en favor do candidato a quen corresponda cubrir a vacante. Credencial que remitirá á corporación local da que aquel forme parte. A corporación notificaralla ao interesado, de xeito fidedigna, aos efectos do establecido pola normativa de réxime local.

Vista a lista electoral do BNG nas eleccións municipais de 2015, sendo esta á que pertence o renunciante, estímase que lle corresponde substituíla a DONA LUCÍA CESAR VELOSO, que figura no posto 3 da mesma.

A Comisión queda sabedora.

- O Sr. Alcalde quere agradecer a labor da Sra. Villaronga Chazo durante o período que exerceu o cargo de Concelleira.

Polo exposto o Concello en Pleno toma razón da renuncia de DONA MARÍA VILLARONGA CHAZO e solicita da Xunta Electoral Central que se leven a cabo os trámites oportunos para o relevo da Concelleira renunciante por DONA LUCÍA CESAR VELOSO, remitindo a esta Corporación a credencial como tal

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONTA XERAL DO CONCELLO CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2014.: Dáse conta da proposta da Alcaldía do teor seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA

ASUNTO: APROBACIÓN DA CONTA XERAL CORRESPONDENTE AO EXERCICIO 2014.

A conta xeral do exercicio 2014, informada pola Intervención, foi elaborada de acordo co conxunto normativo seguinte:

- Artigos 208 a 212 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, en adiante TRLRFL.
- Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1998, reguladora das facendas locais (enténdase TRLRFL 2/2004), en materia de orzamentos.
- Orde EHA/4041/2004 do Ministerio de Economía e Facenda, do 23 de novembro de 2004, pola que se aproba a Instrución do modelo normal de contabilidade local, en adiante ICAL. Regras 97 a 104.
- Orde EHA/3565/2008, do 3 de decembro, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

O contido da conta xeral, regulado no artigo 209 do TRLRFL con carácter xeral, e detallado nas regras 97 a 104 da ICAL, que integra o expediente, constará das seguintes partes:

I. **O balance:**

BALANCE	2010	2011	2012	2013	2014
ACTIVO					
ACTIVO FIXO	80.899.909,28	86.934.169,41	87.729.067,61	87.786.915,47	89.008.567,61
ACTIVO CIRCULANTE	14.749.689,42	11.913.909,30	13.250.784,85	13.428.076,76	10.181.752,69
DEBEDORES C/P	6.351.413,35	6.333.974,49	7.625.112,58	5.825.366,51	5.029.964,81
DISPONÍBLE	8.352.894,89	5.478.862,12	5.473.257,14	7.262.770,64	4.744.425,67
TOTAL ACTIVO	95.649.598,70	98.848.078,71	100.979.852,46	101.214.992,23	99.190.320,30
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	84.562.896,58	87.520.016,68	95.595.372,66	93.557.368,39	88.158.106,65
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	64.835.266,43	67.160.288,62	73.451.045,11	73.950.041,46	77.294.283,31
Pasivo l/p	19.727.630,15	20.359.728,06	22.144.327,55	19.607.326,93	10.863.823,34
Pasivo circulante	11.098.782,81	11.328.062,03	5.384.479,80	7.657.623,84	11.032.213,65
TOTAL PASIVO	95.661.679,39	98.848.078,71	100.979.852,46	101.214.992,23	99.190.320,30
FONDO MANIOBRA	3.650.906,61	585.847,27	7.866.305,05	5.770.452,92	-850.460,96
FM/D	43,71%	10,69%	143,72%	79,45%	-17,93%

II. **CONTA DE RESULTADOS.**

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflexa un Beneficio total por importe de **133.468,55 EUROS**.

III. **LIQUIDACIÓN DO ORZAMENTO:**

a. **RESULTADO ORZAMENTARIO:**o resultado orzamentario axustado que se desprende da liquidación do orzamento municipal para o exercicio 2014 é POSITIVO con un importe de 700.309,19€ co seguinte desglose:

b. **REMANENTE LÍQUIDO DE TESOURERÍA**

O remanente de tesourería obtido da liquidación dos orzamentos do exercicio económico do 2014 desagregase do seguinte xeito:

1. Fondos líquidos	4.744.425,67
2. Dereitos pendentes de cobro (2.a +2.b +2.c -2.d)	9.414.104,21
2.a. Do orzamento corrente	2.184.896,63
2.b De orzamentos pechado	7.801.452,76
2.c De operacións non orzamentarias	15.210,79

2.d Cobros realizados pendentos de aplicación definitiva	587.455,97
3. Obrigas pendentos de pago (3.a +3.b +3.c -3.d)	8.054.074,95
3.a. Do orzamento corrente	6.945.260,74
3.b. De orzamentos pechados	452,57
3.c. De operacións non orzamentarias	1.112.007,95
3.d. Pagos pendentos de aplicación definitiva	3.646,31
I. REMANENTE DE TESOURERÍA TOTAL	6.104.454,93
II. SALDOS DE DUBIDOSO COBRO	4.828.834,41
III. REMANENTE DE TESOURERÍA AFECTADO	1.027.413,09
IV. REMANENTE DE TESOURERÍA PARA GASTOS XERAIS	248.207,43

B) FUNDACIÓN DE DEPORTES

Asemade, de conformidade co disposto no artigo 209.2 do TRLRFL, a Conta Xeral das entidades locais, estará integrada ademáis de pola conta da propia entidade pola dos seus organismos dependentes, polo que se somete a esta Comisión a conta da Fundación Pública de Servizos Deportivos Municipais do exercicio 2014, que foi aprobada por resolución da Presidenta da Fundación de Deportes de data 15 de xullo de 2015, presenta o seguinte detalle:

I.- BALANCE.

ANÁLISE DO BALANCE DE SITUACIÓN

BALANCE	2010	2011	2012	2013	2014
ACTIVO					
ACTIVO FIXO	681.315,41	690.789,96	717.443,74	731.595,42	746.761,97
ACTIVO CIRCULANTE	585.067,40	535.907,04	371.264,40	296.398,07	286.812,13
DEBEDORES C/P	566.935,99	521.491,10	347.834,23	234.884,61	262.770,77
DISPONIBLE	18.131,41	14.415,94	23.430,17	61.513,46	24.041,36
TOTAL ACTIVO	1.266.382,81	1.226.697,00	1.088.708,14	1.027.993,49	1.033.574,10
PASIVO					
CAPITAIS PERMANENTES	965.032,51	851.455,64	887.674,02	896.233,71	919.241,45
FONDOS PROPIOS OU PATRIMONIO NETO	965.032,51	851.455,64	887.674,02	896.233,71	919.241,45
Pasivo l/p	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00
Pasivo circulante	301.350,30	375.241,36	201.034,12	131.759,78	114.332,65
TOTAL PASIVO	1.266.382,81	1.226.697,00	1.088.708,14	1.027.993,49	1.033.574,10
FONDO MANIOBRA	283.717,10	160.665,68	170.230,28	164.638,29	172.479,48

FM/D	1564,78%	1114,50%	726,54%	267,65%	717,43%
------	----------	----------	---------	---------	---------

II.- CONTA DE RESULTADOS.

A Conta do Resultado económico patrimonial do exercicio reflicta un superávit por importe de **23.007,74 €**.

- **Resultado Presupostario (dereitos – obrigas): 5.331,13 €, non procedendo axustes, sendo o Resultado Presupostario axustado de 5.331,13 €.**
- **Remanente de Tesourería total (fondos líquidos + dereitos pendentes de cobro – obrigas pendentes de pago): 179.155,05 €, elaborado segundo determinan os artigos 103 e 104 do Real Decreto 500/90; o remanente de tesourería para gastos xerais ascende a 172.524,49€, por considerarse saldos de dubidoso cobro por importe de 6.630,56€, que se desprenden do cálculo realizado segundo establece o artigo 193.bis do TRLRFL, engadido pola Lei 27/2013 de racionalización da Administración Local. Non existen desviacións de financiamento por non contar con financiamento afectado.**

C) RATIFICACIÓN DA INSTRUCCIÓN DO CONCELEIRO DE FACENDA POLA QUE SE DETERMINAN OS CRITERIOS Á SEGUIR NO ALTA DE PROXECTOS DE GASTO DE INVERSIÓN DE EXERCICIOS PECHADOS NO MÓDULO CONTABLE, DE CARA AO PECHE CONTABLE DO EXERCICIO 2014.

En data 31 de decembro de 2014 á vista do informe de Intervención CV 413/2015, polo Concelleiro delegado de Facenda ditouse Instrución interna relativa aos criterios a seguir polo Departamento de Intervención na introdución dos proxectos de gasto de inversións con financiamento afectado no módulo contable, instrución que establecía o seguinte:

“(...)Artigo único.:En base ao informe de Intervención Ref.: CV 413/2014 e os seus Anexos, esta Concellería dispón o seguinte:

a) Que se proceda o alta de tódolos proxectos de gasto de inversión con financiamento afectado que figuran no Anexo IV ao informe de intervención CV 413/2014.

b) Que se desista expresamente polo órgano competente, da execución de cada un dos proxectos relacionados nos Anexos I, II e III.

c) Por razóns de de economía procesal, que os proxectos relacionados nos Anexos I, II e III non sexan dados de alta no módulo contable prorrogando o desestimento implícito producido coa aprobación da liquidación e conta Xeral de cada un dos exercicios precedentes, ata que se adopte o acordo de desestimento expreso en base ao disposto no artigo 47.5 do RD 500/90.

d) Autorízase a Intervención Municipal para adoptar as actuacións necesarias para o cumprimento desta instrución.(...)”

Resulta preciso polo tanto que polo Pleno se desista expresamente dos proxectos de gasto relacionados nos Anexos I, II e III ao informe de Intervención CV 413/2015, proxectos que xa non foron tidos en conta no cálculo das desviacións de financiamento da liquidación 2014.

D) RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DITADA DENTRO DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE SALDOS INICIAIS Nº 03/MSI/2014.

No informe de Intervención Ref. CV 410BIS/2014, emitido dentro do procedemento de modificación de saldos N° 03/MSI/2015 establecíase a seguinte conclusión:

“(..)**PRIMEIRA.-** Respecto á modificación de saldos de exercicios pechados dentro do exercicio 2014, procede realizar os asentos directos para a rectificación de saldos orzamentarios e non orzamentarios para as contas e polos importes que aparecen expostos nos apartados I.I, I.II, e I.IV do presente informe.

En canto ao órgano competente, remítome ás consideracións previas, así dado que se trata de saldos procedentes de exercicios pechados se aplicamos a doutrina do Tribunal de Contas podería entenderse que é o Pleno o órgano competente, pero por outra banda dado que as regularizacións de saldos propostas non serían encadrables nos supostos habilitantes do sistema xeral da base 39ª das BEO, por exclusión poderíamos acudir ao sistema simplificado que atribúe a competencia á Alcaldía.

Entende esta Intervención que as rectificacións poderían ser acordadas por resolución de Alcaldía que debería ser ratificada plenariamente, ben con ocasión da aprobación da Conta Xeral 2014, ben como punto independente do orde do día, pero en todo caso quedando constancia expresa dos axustes contables realizados.(..)”

En consonancia con dito informe, mediante resolución de alcaldía de data 31 de decembro de 2014, ditada dentro do referido procedemento de modificación de saldos N° 03/MSI/2015, establecíase:

“(..)Visto o informe de Intervención, referencia CV 410BIS/2014 r, no que se pon de manifesto que como consecuencia dos traballos de investigación ou recuperación contable de exercicios pechados, se puxo de manifesto a necesidade de adoptar acordos de regularización ou axustes contables con carácter previo ao peche do exercicio 2014, que xa viñan sendo advertidos en liquidacións de exercicios anteriores.

Visto que no informe de Intervención se recolle a posibilidade de que os acordos de regularización contables propostos sexan adoptados por resolución de Alcaldía mediante procedemento simplificado, por ser as causas xustificativas da modificación dos saldos iniciais erros materias contables, sen prexuízo da súa posterior ratificación plenaria con ocasión da aprobación da Conta Xeral 2014.

(..)**SEXTO:** *Dar conta ao Pleno da presente resolución para a **súa ratificación** con ocasión da aprobación da Conta Xeral 2014.(..)*”

Resulta preciso polo tanto que polo Pleno se ratifique expresamente a resolución de alcaldía ditada no expediente N° 03/MSI/2014.

En consecuencia, visto os Informes da Intervención municipal relativos á Liquidación do orzamento do Concello para o exercicio 2014, de data 27 de febreiro de 2015 (ref. CV 31/2015 e Ref.: 31Bis/2015), visto o informe da Intervención municipal CV 410BIS/2015 relativo aos axustes para peche contable dentro do expediente de modificación de saldos iniciais N° 03/MSI/2014, visto o informe da Intervención municipal CV 413/2014 relativo á introdución dos proxectos de gasto con financiamento afectado no módulo da aplicación contable e a conseguinte depuración dos mesmos así como as respectivas instrucións ditadas polo Concelleiro de Facenda, e visto o Informe á Conta Xeral 2014 de data 8 de xuño de 2015, con referencia CV 167/2015, así como os informes da Interventora delegada da Fundación de Deportes.

Considerando o disposto no art. 212 e seguintes do TRLRFL así como o art. 212.4 da LALG.

Visto o ditame favorable da Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, celebrada o pasado 27 de xullo de 2015.

Tendo en conta que se cumpriron os trámites de exposición ao público mediante publicación do expediente no BOP N°151 de data 7 de agosto de 2015, durante 15 días hábiles e oito máis, sen que se presentasen alegacións, tal e como se constata no certificado de Secretaría de data 7 de setembro de 2015.

Esta Alcaldía propón ao Pleno da Coporación:

1. A aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2014.
2. A ratificación da resolución de Alcaldía de aprobación do expediente de modificación de saldos iniciais N° 03/MSI/2014, relativo aos axustes para peche contable do exercicio 2014.
3. O desistimento expreso dos proxectos de gasto recollidos nos Anexos I, II e III ao informe de Intervención CV 413/2014, nos termos da Instrución interna do Concelleiro de Facenda sobre a introdución dos proxectos de gasto con financiamento afectado no módulo da aplicación contable e a conseguinte depuración dos mesmos con ocasión do peche do exercicio 2014.

Vilagarcía de Arousa, a 14 de setembro de 2015.

O ALCALDE

Asdo./:**Alberto Varela paz**

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que votou a favor na Comisión Informativa pero non apoia nin vai en contra do documento, e vai a absterse.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que a Conta Xeral reflicte o resultado duns orzamentos e non van a votar a favor. O BNG vai votar en contra. Un orzamento elaborado por un Goberno do PP que sangraron a economía da maioría social. Houbo subas de taxas e impostos e non axudaron a aliviar a economía e a situación da xente máis desfavorecida e favoreceron á banca.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que e unha documentación que reflicte unha situación política. Favoreceuse á banca. Cada familia debe preto de 2.000 € e 600 € por persoa. Estamos á cabeza do desemprego e reflicte a política do PP.

É un documento económico que sinala unhas políticas dun goberno lacaio da Troika.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que se sorprenden polo análise da esquerda. Fálase dun documento técnico, e como o presenta o PP, votan en contra.

Existiu unha xestión económica eficaz e lles da igual. Se pagou á banca un préstamo para pagar facturas. Agora hai orzamento, en cambio antes deixaron 8.000.000 € pendentes de pagar no ano 2011.

O PP deixa resultados positivos.

Axustándose ao informe debe saber as recomendacións e deben cumprilas: acometer as subidas fiscais do Plan de Axuste ata 2022; elaboración de estudos económicos; control de gasto (servizos extraordinarios).

Vdes. poden seguir co seu discurso.

O PP vai apoiar a Conta Xeral do 2014.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE non aprobou os orzamentos, presentou alegacións, pero son responsables, non poden aprobala pero non van a impedir a súa aprobación.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que a concepción da responsabilidade é distinta. Para o PP os bancos, para o BNG as familias.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que nun réxime democrático hai que aprobalo, pero resulta que se non se aproba non dan subvencións as outras Administracións.

O Sr. Fole pide contención do gasto pero para o PP unha dedicación exclusiva se vai a aprobar hoxe.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que se seguen confundindo dende o BNG. A Vilagarcía lle tocou Bankia para pagar ás empresas nas que hai traballadores, e votaron en contra dende a oposición.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con sete votos a favor dos membros pertencentes ó grupo político municipal do PP, nove abstencións dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais do PSOE (8) e Somos Maioría (1), e catro votos en contra, pertencentes ós membros dos grupos políticos municipais de EU (3) e BNG (1)

ACÓRDASE: Por maioría:.

1. A aprobación da Conta Xeral correspondente ó exercicio 2014.
2. A ratificación da resolución de Alcaldía de aprobación do expediente de modificación de saldos iniciais Nº 03/MSI/2014, relativo aos axustes para peche contable do exercicio 2014.
3. O desistimento expreso dos proxectos de gasto recollidos nos Anexos I, II e III ao informe de Intervención CV 413/2014, nos termos da Instrución interna do Concelleiro de Facenda sobre a introdución dos proxectos de gasto con financiamento afectado no módulo da aplicación contable e a conseguinte depuración dos mesmos con ocasión do peche do exercicio 2014.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS CON DESTINO AO ABOAMENTO DO 26,23% DA PAGA EXTRAORDINARIA DO MES DE DECEMBRO DE 2012 DO PERSOAL DO CONCELLO.: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da Proposta da Alcaldía do teor seguinte:

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA XUSTIFICATIVA DA AUTORIZACIÓN DE APLICACIÓN DO FONDO DE CONTINXENCIA E DA MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO Nº 02/CE/2015

ANTECEDENTES

1.- O pasado 12 de setembro entrou en vigor o RD Lei 10/2015, de 11 de setembro, polo que se conceden créditos extraordinarios e suplementos de crédito no orzamento do Estado e se adoptan outras medidas en materia de emprego público e de estímulo da economía.

A citada norma recolle un paquete de medidas calificadas como necesarias e urxentes para continuar na senda do crecemento económico sostenible, un conxunto de medidas que contribúen directamente a afondar no incremento da eficiencia no funcionamento do emprego público de forma compatible co necesario cumprimento das regras fiscais; entre ditas medidas se atopa a recuperación de parte da paga extraordinaria e adicional dos empregados públicos correspondente ao ano 2012.

Así, no se artigo 1.1 recolle a obriga das Administracións públicas e os seus entes dependentes de aboar dentro do exercicio 2015 e por unha soa vez unha retribución de carácter extraordinario cuxo importe será o equivalente a 48 días ou ao 26,23% dos importes deixados de percibir como consecuencia da supresión da paga extraordinaria, así como da paga adicional de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes correspondentes o mes de decembro de 2012 en aplicación do citado RD lei 20/2012, sempre e cando a súa situación financeira o permita.

2.- O informe do Departamento de RR.HH cuantifica a obriga citada en **143.617,12€**, tendo en conta a advertencia recollida no mesmo en canto a posibles variacións en base á situación persoal de cada empregado, (baixas, xubilacións..etc).

3.- No informe de Intervención Ref. CV 270/2015 acredítase a viabilidade financeira deste gasto extraordinario dentro do exercicio 2015 previa tramitación dun expediente de crédito extraordinario financiado con baixas noutras aplicacións orzamentarias non comprometidas da cordo co seguinte esquema de financiamento:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	99.138,71
1612	22777	R. LIXO-TRABALLOS REALIZA. POR OUTRAS EMPRESAS E PROFE	44.478,41
TOTAL			143.617,12

4.- Da cordo coa base 30ª das BEO estaríamos ante un gasto non discrecional encadable nos requisitos obxectivos para a aplicación do Fondo de Continxencia dotado na aplicación 929-500 do orzamento de gastos.

Co fin de dar cumprimento ao imperativo legal do artigo 1.1 do RD Lei 10/2015, de 11 de setembro, referido a recuperación da paga extraordinaria de decembro de 2012.

Vistos os informes de Intervención Ref.: CV 251/2015 e CV 270/2015.

Esta Alcaldía da cordo co artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, a base 30ª das BEO 2015, e o artigo 1.1 do RD Lei 10/2015, de 11 de setembro, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de **99.138,71€** para financiar parcialmente o expediente de crédito extraordinario N° 02/CE/2015.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario N° 02/CE/2015, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
132	1210303	SEGURIDADE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	19.793,48 €
132	1300203	SEGURIDADE-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	357,69 €
132	1310203	SEGURIDADE-OUTROS COMPLEMENT.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	2.261,39 €
135	1210303	EMERXENCIAS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	369,36 €
135	1300203	EMERXENCIAS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	4.905,84 €
150	1210303	XERENCIA URB.-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	3.624,80 €
150	1300203	XERENCIA URB.-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	1.887,23 €
151	1210303	URBANISMO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.933,90 €
164	1210303	CEMITERIOS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.159,68 €
165	1210303	ALUMADO PÚBLICO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.514,68 €
170	1210303	MEDIO AMBIENTE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.338,84 €
170	1300203	MEDIO AMBIENTE-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXT	2.507,72 €
171	1210303	XARDÍNS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.239,90 €
171	1300203	XARDÍNS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	4.292,28 €
231	1210303	ACCIÓN SOCIAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.054,76 €
231	1300203	ACCIÓN SOCIAL-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	2.026,45 €
2311	1210303	SPAD-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	5.344,33 €
2311	1310203	SPAD-OUTROS COMPLEMENT.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	182,77 €
2312	1210303	IGUALDADE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	414,00 €
2312	1300203	IGUALDADE-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	2.356,57 €
2314	1210303	XUVENTUDE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	807,52 €
241	1210303	FOMENTO EMPREGO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	459,87 €
241	1300203	FOMENTO EMPREGO-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	1.115,42 €

241	1310203	FOMENTO EMPREGO-OUTROS COMPLEM.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	3.666,96 €
2412	1210303	ESCOLA OBRADOIRO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	369,08 €
2412	1310203	ESCOLA OBRADOIRO-OUTROS COMPLEMENT.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	140,91 €
320	1210303	PROMO EDUCATIVA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	4.309,62 €
320	1300203	PROMO EDUCATIVA-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	361,58 €
3261	1210303	CONSERVATORIO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.539,51 €
3261	1300203	CONSERVATORIO-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	3.835,54 €
3262	1210303	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	166,07 €
3262	1300203	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	3.440,62 €
3321	1210303	BIBLIOTECAS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.483,94 €
3321	1300203	BIBLIOTECAS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	715,07 €
334	1210303	CULTURA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	4.185,27 €
334	1300203	CULTURA-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.483,20 €
341	410	DEPORTES-TRASNF. FUNDACION DE DEPORTES	6.971,54 €
4311	1300203	FEIRAS E COMERCIO-OUTROS COMPLEMEN. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	388,39 €
4312	1210303	MERCADOS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.549,53 €
4312	1300203	MERCADOS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	393,51 €
432	1300203	TURISMO-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.741,50 €
453	1210303	ESTRADAS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	6.190,97 €
453	1300203	ESTRADAS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.861,52 €
493	1210303	OFIC. CONSUMO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	459,58 €
912	100	ÓRG. GOBERNO-R. BÁSICAS E OUTRAS	2.509,30 €
912	110	ÓRG. GOBERNO-R. BÁSICAS E OUTRAS	719,06 €
912	1210303	ÓRG. GOBERNO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	833,12 €
920	1210303	ADMÓN. XERAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	10.915,15 €
920	1300203	ADMÓN. XERAL-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.340,25 €
9201	1210303	INFORMÁTICA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.907,49 €
926	1210303	ÁREA COMUNIC. SOCIAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	597,06 €
926	1300203	ÁREA COMUNIC. SOCIAL-OUTROS COMPLE. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	825,60 €
931	1210303	POLÍT. ECO. E FISCAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	9.799,06 €
934	1210303	RECADACIÓN-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.422,18 €
934	1300203	RECADACIÓN-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	2.546,46 €
TOTAL			143.617,12

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	99.138,71
1612	22777	R. LIXO-TRABALLOS REALIZA. POR OUTRAS EMPRESAS E PROFE	44.478,41
TOTAL			143.617,12

CUARTO: Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 99.138,71€ con destino ao financiamento parcial do expediente de crédito extraordinario N° 02/CE/2015, xunto co propio expediente de concesión de crédito extraordinario n° 02/CE/2015, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario N° 02/CE/2015 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitírase copia do expediente á

Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2015 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente ao ser calificado de orixe como “urxente” pola propia norma que o motiva, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterà a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

Vilagarcía de Arousa, 17 de setembro de 2015
O ALCALDE,
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e PP informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais de EU, BNG e Somos Maioría, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación do expediente de modificación de créditos con destino ao aboamento do 26,23% da paga extraordinaria do mes de decembro de 2012 do persoal do Concello.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que vai votar a favor da proposta.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que este tema é outro efecto da política do PP, castigando á cidadanía e aos traballadores, para favorecer á banca e ao grande capital.

O BNG declarouse insumiso de sisarlle a paga aos funcionarios en algúns concellos, e tiveron ameazas de ilegalidade, e agora se demostra que a ilegalidade a cometeu o PP.

Agora unha vez demostrada a ilegalidade trae estas consecuencia e pide que se pague canto antes.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU non se opón a esta devolución e pide que se pague a totalidade da paga extraordinaria.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que nos Concellos do BNG pagaron pero o PP non se quedou con nada, había un goberno que actuou de acordo coa Lei.

Esta medida demostra un cambio na situación económica do país e do Concello, que hai liquidez para facer isto.

Os Concelleiros membros do grupo de goberno tamén renunciaron á paga extraordinaria no seu día.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que van a votar a favor pois traballaron para buscar os fondos necesarios.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos concelleiros presentes no pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

PRIMEIRO: Autorizar a aplicación do Fondo de Continxencia consignado na aplicación 929-500, por importe de **99.138,71€** para financiar parcialmente o expediente de crédito extraordinario N° 02/CE/2015.

SEGUNDO: Aprobar inicialmente o expediente de concesión de crédito extraordinario N° 02/CE/2015, en relación ás aplicacións orzamentarias relacionadas a continuación:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE
132	1210303	SEGURIDADE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	19.793,48 €
132	1300203	SEGURIDADE-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	357,69 €
132	1310203	SEGURIDADE-OUTROS COMPLEMENT.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	2.261,39 €
135	1210303	EMERXENCIAS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	369,36 €
135	1300203	EMERXENCIAS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	4.905,84 €
150	1210303	XERENCIA URB.-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	3.624,80 €
150	1300203	XERENCIA URB.-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	1.887,23 €
151	1210303	URBANISMO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.933,90 €
164	1210303	CEMITERIOS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.159,68 €
165	1210303	ALUMADO PÚBLICO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.514,68 €
170	1210303	MEDIO AMBIENTE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.338,84 €
170	1300203	MEDIO AMBIENTE-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXT	2.507,72 €
171	1210303	XARDÍNS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.239,90 €
171	1300203	XARDÍNS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	4.292,28 €
231	1210303	ACCIÓN SOCIAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.054,76 €
231	1300203	ACCIÓN SOCIAL-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	2.026,45 €
2311	1210303	SPAD-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	5.344,33 €
2311	1310203	SPAD-OUTROS COMPLEMENT.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	182,77 €
2312	1210303	IGUALDADE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	414,00 €
2312	1300203	IGUALDADE-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	2.356,57 €
2314	1210303	XUVENTUDE-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	807,52 €
241	1210303	FOMENTO EMPREGO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	459,87 €
241	1300203	FOMENTO EMPREGO-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	1.115,42 €
241	1310203	FOMENTO EMPREGO-OUTROS COMPLEM.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	3.666,96 €
2412	1210303	ESCOLA OBRADOIRO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	369,08 €
2412	1310203	ESCOLA OBRADOIRO-OUTROS COMPLEMENT.-LABORAL TEMPORAL-G.P.E./P.E.	140,91 €
320	1210303	PROMO EDUCATIVA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	4.309,62 €
320	1300203	PROMO EDUCATIVA-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	361,58 €
3261	1210303	CONSERVATORIO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.539,51 €
3261	1300203	CONSERVATORIO-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	3.835,54 €
3262	1210303	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	166,07 €
3262	1300203	ESCOLA MÚSICA-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	3.440,62 €
3321	1210303	BIBLIOTECAS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	2.483,94 €
3321	1300203	BIBLIOTECAS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	715,07 €
334	1210303	CULTURA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	4.185,27 €
334	1300203	CULTURA-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.483,20 €
341	410	DEPORTES-TRANSF. FUNDACION DE DEPORTES	6.971,54 €
4311	1300203	FEIRAS E COMERCIO-OUTROS COMPLEMEN. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	388,39 €
4312	1210303	MERCADOS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.549,53 €
4312	1300203	MERCADOS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	393,51 €
432	1300203	TURISMO-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.741,50 €
453	1210303	ESTRADAS-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	6.190,97 €
453	1300203	ESTRADAS-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.861,52 €
493	1210303	OFIC. CONSUMO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	459,58 €
912	100	ÓRG. GOBERNO-R. BÁSICAS E OUTRAS	2.509,30 €

912	110	ÓRG. GOBERNO-R. BÁSICAS E OUTRAS	719,06 €
912	1210303	ÓRG. GOBERNO-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	833,12 €
920	1210303	ADMÓN. XERAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	10.915,15 €
920	1300203	ADMÓN. XERAL-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	1.340,25 €
9201	1210303	INFORMÁTICA-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.907,49 €
926	1210303	ÁREA COMUNIC. SOCIAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	597,06 €
926	1300203	ÁREA COMUNIC. SOCIAL-OUTROS COMPLE. LABORAL FIXO_G.P.E./P.E.	825,60 €
931	1210303	POLÍT. ECO. E FISCAL-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	9.799,06 €
934	1210303	RECADACIÓN-OUTROS COMPLEMENTOS_GRAT.PAGA EXTRA	1.422,18 €
934	1300203	RECADACIÓN-OUTROS COMPLEMENT. LABORAL FIXO_GRA.PAGA EXTRA	2.546,46 €
TOTAL			143.617,12

TERCEIRO: Os medios e recursos que han de financiar os aumentos que se propoñen ao amparo do disposto no artigo 177.4 do TRLFL 2/2004 e 36.1 a) do RD 500/90 son Baixas de créditos nas seguintes aplicacións e polos importes que de seguido se relacionan, en aplicación do disposto no artigo 36.1 c) do RD 500/90:

Pro.	Eco.	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE/€
929	500	IMPREVISTOS E CONTINXENCIAS-FONDO DE CONTINXENCIA	99.138,71
1612	22777	R. LIXO-TRABALLOS REALIZA. POR OUTRAS EMPRESAS E PROFE	44.478,41
TOTAL			143.617,12

CUARTO: Expoñer ao público a autorización da aplicación do Fondo de Continxencia por importe de 99.138,71€ con destino ao financiamento parcial do expediente de crédito extraordinario Nº 02/CE/2015, xunto co propio expediente de concesión de crédito extraordinario nº 02/CE/2015, no BOP, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo de un mes para resolvelas.

QUINTO: Unha vez aprobado definitivamente o expediente de concesión de crédito extraordinario Nº 02/CE/2015 será inserido e resumido por capítulos no BOP. Así mesmo, remitírase copia do expediente á Administración do Estado e a da correspondente CCAA simultaneamente ao envío do BOP; non obstante en aplicación do disposto na Base 10ª das BEO 2015 considerando suficientemente motivada a urxencia do presente expediente ao ser cualificado de orixe como “urxente” pola propia norma que o motiva, o anuncio de aprobación inicial recollerá o estado do orzamento trala modificación e conterà a previsión de que transcorrido o período de exposición sen presentarse alegacións, o crédito modificado estará dispoñible a efectos de execución orzamentaria, sen prexuízo da posterior e preceptiva publicación da aprobación definitiva a efectos de recursos.

7.- DENEGACIÓN, SE PROCEDE, DA MODIFICACIÓN PUNTUAL DO PXOM PARA A SUPRESIÓN DA FICHA NÚMERO 22 PHA DO CATÁLOGO DE ELEMENTOS A CONSERVAR (CASA BECERRA): Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da proposta da Alcaldía, do teor seguinte:

O Pleno da Corporación Municipal, en sesión celebrada o día 29 de setembro de 2014 adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar inicialmente a modificación puntual para a supresión da ficha nº 22 PHA do catálogo de elementos a conservar do PXOM, asumir por parte do Concello a iniciativa para a súa tramitación e someter o expediente ó trámite de información pública durante un período de dous meses, mediante a publicación no DOGA e en dous dos periódicos de maior difusión na provincia.

Segundo: Solicitar os informes sectoriais que resulten procedentes.

Con data 10 de novembro de 2014 publicouse no Diario Oficial de Galicia o anuncio de aprobación inicial e sometemento ó trámite de información pública polo prazo de dous meses, do expediente de Modificación Puntual do PXOM para “Supresión da Ficha 22 PHA do Catálogo de Elementos a Conservar”.

No período de información pública presentáronse 13 alegacións e outra máis fóra de prazo, por parte de Dona Carmen González Quintáns. As alegacións recibidas, excepto a da Sra. González Quintáns, solicitan que non se proceda á descatalogación da Casa Becerra debido ós seus valores arquitectónicos, representativos dunha significativa corrente artística de principios do século XX e tamén na súa integración nun contorno urbano, Barrio da Prosperidade, caracterizado polas vilas unifamiliares vinculadas á praia e á actividade balnearia.

A alegación presentada polo Grupo Municipal do PSdeG-PSOE, ademais de valorar as características arquitectónicas do edificio, fai fincapé na ausencia de motivos de interese pública debidamente xustificadas e tamén na ausencia no expediente de informe técnico algún que avale a decisión de descatalogar a Casa Becerra.

Con data 13 de outubro de 2014 tivo entrada no Rexistro Xeral da Xunta de Galicia, a través do Portelo Único a solicitude da Alcaldía dirixida á Dirección Xeral de Patrimonio Cultural coa finalidade de que se emitise o correspondente informe en relación coa aprobación inicial da modificación puntual do PXOM citado.

Con data 15 de xaneiro de 2015 o Secretario Xeral Técnico da Consellería de Cultura informa desfavorable a Modificación Puntual do PXOM de Vilagarcía de Arousa para a supresión da ficha 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar, en relación coa vivenda situada na Rúa Rosalía de Castro 62 (Casa Becerra), elemento pertencente ao Inventario Xeral do Patrimonio Cultural de Galicia e do que se xustifica a presenza de valores culturais que o fan merecente de protección, baseada en evitar a súa desaparición.

Os diferentes informes de ICOMOS, DOCOMOCO, COAG e outros sobre a “Casa Becerra”, reforzan a xustificación destes valores propios que son mostra dunha tipoloxía singular de vivenda con xardín do movemento moderno.

O devandito informe tivo entrada no Concello de Vilagarcía de Arousa o día 22 de xaneiro de 2015.

Contan no expediente os informes da Secretaria Xeral e Arquitecto Municipal emitidos en sentido desfavorable á aprobación provisional da modificación puntual do PXOM.

Tendo en conta o informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 15 de xaneiro de 2015, así como o informe desfavorable da Secretaria Xeral do Concello, propónse ó Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Desestimar as alegacións formuladas por Dona Carmen González Quintáns en base ao informe da Secretaria do Concello.
- 2.- Denegar a aprobación provisional da modificación do PXOM para a supresión da ficha 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar do PXOM do Concello de Vilagarcía de Arousa (Casa Becerra), e polo tanto aceptar as restantes alegacións presentadas.
- 3.- Proceder ao arquivo do expediente de modificación puntual do PXOM para a supresión da ficha número 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar (Casa Becerra).

Vilagarcía de Arousa, 17 de setembro de 2015.

O ALCALDE-PRESIDENTE,
Alberto Varela Paz

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PP, BNG e EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a Denegación da modificación puntual do PXOM para a supresión da ficha número 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar (Casa Becerra).

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE votou sempre en contra desta descatalogación e presentaron alegacións en contra da aprobación inicial.

A dirección Xeral de Patrimonio con un informe demoledor e vinculante denega a aprobación. Non había motivos de interese público para esta aprobación inicial e foi a instancia de parte. Defenderon este ben e pide o apoio do resto dos grupos da Corporación.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que non estaba nesta Corporación. Indica que para el sempre foi unha casa branca rara.

Esta proposta levouno a estudar as características da casa. Avogan pola defensa do patrimonio de Vilagarcía de Arousa e os valores está avalados polos técnicos municipais e Xunta de Galicia, e polo enorme valor histórico e polo xardín.

Vai votar a favor da denegación.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que é importante a conservación do patrimonio e débese catalogar mais bens. A Casa Becerra unha vez catalogada ten uns valores patrimoniais. O BNG apoia a catalogación e o seu mantemento e débense protexer outros bens en estado de abandono e pendentos de catalogar. Ao lado desta casa hai uns restos que merecían estar catalogados e non se fixo.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que EU non ten pensado introducir moito debate. Salvo o PP todos os demais votaron en contra da descatalogación da Casa Becerra, non só o PSOE. Van votar a favor da proposta.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que foi o PP quen iniciou o expediente con informes favorables no seu momento, e pediron este informe a Patrimonio. O cambio que se produce en esta casa, se formulaba para darlle uniformidade na mazá.

O PP vai absterse.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o Pleno foi o último dos requisitos, pero previamente foi a Xerencia de Urbanismo, e o PSOE sempre votou en contra.

O anterior goberno de Dolores García quixo protexer a edificación que foi demolida.

- Intervén o Sr Ríos González insistindo en que o BNG apoia o que está catalogado e están de acordo coa protección, e debe servir para protexer outros elementos.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que van a protexer o patrimonio. O informe de Patrimonio neste asunto pediuse porque os Servizos Xurídicos así o estimaron.

Sometido a votación o asunto polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con trece votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE (8), EU (3) BNG (1) e Somos Maioría (1) e sete abstencións dos membros pertencentes ao grupo político municipal do PP,

ACÓRDASE: Por maioría absoluta, tendo en conta o informe desfavorable da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural de 15 de xaneiro de 2015, así como os informes desfavorables da Secretaría Xeral e Arquitecto Municipal:

1.- Desestimar as alegacións formuladas por Dona Carmen González Quintáns en base ao informe da Secretaría do Concello.

2.- Denegar a aprobación provisional da modificación do PXOM para a supresión da ficha 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar do PXOM do Concello de Vilagarcía de Arousa (Casa Becerra), e polo tanto aceptar as restantes alegacións presentadas.

3.- Proceder ao arquivo do expediente de modificación puntual do PXOM para a supresión da ficha número 22 PHA do Catálogo de elementos a conservar (Casa Becerra).

8.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE EU SOBRE CREACIÓN BOLSA DE EMPREGO MUNICIPAL.: Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta de Moción presentada polo grupo político municipal de EU coa data de 16 de setembro de 2015, do seguinte teor:

D. Jesús López Rodríguez, D^a. María Mosquera Leal e D. Juan M. Fajardo Recouso, en nome e representación do Grupo Municipal de Esquerda Unida no Concello de Vilagarcía, mediante a presente veñen a presentar a seguinte MOCIÓN “Creación Bolsa de Emprego Municipal” en base a seguinte consideración de motivos:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación actual de crise, que se prolonga no tempo dende fai xa demasiados anos, está a provocar que moitas, demasiadas, familias padezan unha situación socio-económica preocupante, agravada polas políticas que pouco ou nada aportan a unha saída socialmente xusta. Non existen medidas para aliviar nun futuro máis inmediato e a medio prazo, que poñan freo ao enorme sufrimento social que nestes momentos as familias están a soportar, que está afectando incluso a menores de idade, que deben ser un dos colectivos de maior protección, xunto co total da unidade familiar.

Concretamente en Vilagarcía, neste intre hai 4.090 persoas que están a procura dun emprego. Este dato correspondente ao inicio do mes setembro do 2015 e refírese exclusivamente ás persoas que figuran como demandantes de emprego, cifra á que hai que sumar as que xa desistiron de seguir anotados como demandantes, e sen esquecermos das que decidiron marchar de Vilagarcía para poder procurarse un futuro noutros lugares, na súa maioría sen saír de Galicia. Ademais ese dato, que supón o 30,56% da poboación activa, crece ata o 34,28% se nos saímos dos meses do período de verán, que tradicionalmente sempre crean algún emprego estacional.

Por elo, e ca intención de intentar paliar, dalgunha maneira, os duros efectos desta situación, debe poñerse en marcha a creación dunha Bolsa de Emprego Municipal, para de esta maneira minimizar a dura realidade, da que as persoas e as familias son vítimas e non culpábeis. Esta Bolsa de Emprego, deberá ser rotatoria, para procurar o acceso a un posto de traballo ao maior número posible de persoas que o demanden.

O obxectivo principal desta iniciativa e a de repartir o emprego que dende o Concello se poida necesitar, para así chegar ao maior número de familias posible, priorizando aquelas que se atopan nunha situación económica máis débil, para proporcionarlles un medio de supervivencia, e ó mesmo tempo, xerar as cotizacións que lles poidan permitir, se é o caso, acceder algunha prestación cando ese emprego cese.

Por todo elo facemos a seguinte,

PROPOSTA DE ACORDO

1.- Creación dunha Bolsa de Emprego Municipal e de carácter rotatorio, para desempeñar as acumulacións de tarefas ou obras e programas concretos que requiran da contratación de persoal, de convocatoria pública, aberta, e regulando o acceso mediante baremos que establezan a orde de acceso ao mesmo.

2.- Creación e aprobación polo Pleno Municipal dun Regulamento que contemple os baremos a ter en conta, e a forma e condición para acceder, así como a duración mínima dos contratos, a súa remuneración, e todos os aspectos polos que se rexerá a Bolsa de Emprego.

3.- Constitución da Comisión de Puntuación e de Seguimento, tanto na creación dos Listaxes, en base o Regulamento, e aplicación do mesmo. Esta Comisión, estará composta por Persoal Funcionario e Laboral do Concello, Sindicatos, e representación de todos os Grupos Políticos presentes na Corporación Municipal.

En Vilagarcía a 15 de setembro de 2015.

- Pola Secretaria indícase que se emitirá un informe en relación coa moción.

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais de EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal de EU sobre creación dunha bolsa de emprego municipal.

- Dáse conta de informe emitido ao respecto pola Secretaria Xeral e Técnico de RR.HH.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que se debe adecuar a moción ao informe da Secretaria Xeral. Débese crear unha bolsa de emprego para persoas con situacións familiares difíciles e atallar as consecuencias da crise. Pide que a bolsa sexa dinámica.

Indica que retiran a moción.

10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E EMIGRANTES EN EUROPA.:

Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 16 de setembro de 2015, do seguinte teor:

MOCIÓN DE APOIO ÁS PERSOAS REFUXIADAS E MIGRANTES EN EUROPA

Estamos a vivir, xusto ás portas de Europa e no propio continente, unha crise humanitaria sen precedentes desde a II Guerra Mundial. A magnitude da traxedia debe empuxar unha actuación urxente da Unión Europea e da comunidade internacional, para derrubar novos muros que deixen do lado de fóra a miseria e a dor provocada por eles propios.

Con efecto, a dimensión que está a alcanzar a actual crise de persoas refuxiadas e inmigrantes ten a súa orixe na rapina imperialista comandada polos Estados Unidos (EUA). Os EUA e os seus aliados europeos non dubidaron en levar a guerra, a morte, a destrución e a miseria a diversos países con tal de alcanzar os seus obxectivos xeoestratéxicos e espoliar os seus recursos naturais, particularmente o petróleo.

Primeiro foi o Afganistán, o Iraq, despois Libia. Agora é a Siria o albo do imperialismo. Os EUA, co inestimábel apoio de Israel e a colaboración de diversos estados europeos, organizaron, armaron e alentaron o terrorismo na Siria, incluído o chamado Estado Islámico, que agora sinalan como principal inimigo e utilizan como máis un pretexto para a súa política intervencionista na zona. Cando non, como no caso da Turquía, como punta de lanza contra o movemento de liberación nacional do Curdistán.

As vítimas desta deshumana política imperialista son as poboacións civís destes Países. É o pobo de Iraq, de Afganistan, de Libia, de Siria, do Curdistán, tamén de Palestina. Non pode sorprender, por tanto, a vaga imensa de persoas refuxiadas -fundamentalmente sirias- que escapan da guerra e de inmigrantes que foxen da miseria xerada igualmente pola rapina neocolonial no Oriente Próximo e en África, coa inestimábel colaboración das elites locais.

Tamén non sorprende, infelizmente, a resposta da Europa capitalista. A grande preocupación desa Unión Europea ao servizo da oligarquía non é resolver o drama humano nin os problemas sociais, económicos ou políticos que están na súa xénese. A preocupación principal é blindarse para deixalos fóra. Utilízase o Mediterráneo como un grande foxo para defender o castelo europeo sen se preocupar, na realidade e para

alén dos lamentos de rigor, cos millares de persoas mortas cada ano tentando cruzalo en condicións infrahumanas. Agora, fronte á vaga de persoas refuxiadas, levántanse novos muros. Hungría vén de fechar con rolos de arame farpado 175 quilómetros da súa fronteira con Serbia para impedir a entrada de persoas refuxiadas e inmigrantes. No entanto, non será esta tipo de medidas as que freen o problema.

Un dos exemplos máis evidentes do desinterese inicial da UE por resolver esta dramática situación está o facto de, após de máis dunha semana de crise humanitaria, deciden o 30 de agosto convocar unha reunión de urxencia do Consello de Ministros de Interior para o día 14 de setembro. Entre tanto, millares de persoas refuxiadas continúan a se agolpar en condicións penosas nas fronteiras ou achan a morte no Mediterráneo. Máis unha vez o capitalismo non ten alma, ten apenas carteira.

No entanto, este drama que parece deixar indiferentes os gobernos europeos, atinxe directamente a conciencia dos pobos. A xente, institucións de todo tipo e o nacionalismo galego, desde a súa consubstancial praxe internacionalista, sente como propio o drama humano, social e político que representa esta crise e por iso non podemos ficar indiferentes nin pasivos. O Bloque Nacionalista Galego (BNG) esixe da Unión Europea mudar de forma radical e urxente as políticas de blindaxe por outras de axuda e acollida digna ás persoas refuxiadas e inmigrantes.

Aliás, o BNG quer denunciar abertamente as políticas imperialistas e de intervención militar que están detrás desta situación e defende:

Pór fin á intervención occidental na Siria en apoio dos chamados rebeldes e promover activamente o fin do conflito militar.

A retirada de todas as forzas militares norteamericanas e estranxeiras dos países de Oriente próximo e norte de África.

Respecto á soberanía dos pobos e de resolución política dos conflitos.

Unha política de paz, solidariedade e cooperación entre todos os pobos.

O dereito do pobo Curdo á liberdade e á soberanía e o respecto dese dereito por parte de todos os Estados actualmente ocupantes do Curdistán.

O dereito do pobo palestino á paz e á liberdade no seu propio Estado independente.

A solidariedade internacionalista e a acción antiimperialista en toda a Europa e en todo o mundo.

Consecuentemente, diante da traxedia que están a vivir as persoas refuxiadas e inmigrantes, solicitamos do pleno da corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e inmigrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

2.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

3.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

4.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

5.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou inmigrantes asentadas no noso concello.

6.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

Vilagarcía de Arousa, 10 de setembro de 2015

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, PP, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG de apoio ás persoas refuxiadas e emigrantes en Europa.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que as políticas imperialistas crean estas traxedias e deben activarse os mecanismos para darlle acubillo a estas persoas mentres non se resolvan os problemas nos seus países.

A continuación le a moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que os medios de comunicación ofrecen imaxes arrepiantes. Hai milleiros de persoas que foxen da barbarie. As guerras teñen un orixe claro, unha vila como Vilagarcía de Arousa pode achegar o seu gran de area.

Vai votar a favor.

- Intervén a Sra. Mosquera Leal dicindo que o imperialismo e as empresas armamentísticas provocan estes conflitos. As persoas refuxiadas foxen da fame e deben ser axudadas.

EU vai a votar a favor.

- Intervén a Sra. Suárez Sarmiento dicindo que o PP vai votar a favor. As crises humanitarias hai que tomalas en serio. Se debe dotar a estas persoas de sanidade, promoción de emprego, acollemento aos nenos. Hai que pensar nunha dotación orzamentaria específica para o acollemento de familias.

Quere agradecer a Cáritas e ás persoas que ofrecen a súa axuda.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE vai apoiar a Moción, tendo en conta as accións levadas a cabo dende o Goberno Local. Puxo a disposición da FEMP e FEGAMP os medios de que dispón o Concello. Manutención, asistencia xurídica, psicolóxica, aprendizaxe do idioma, axudas de emerxencia, etc. Vilagarcía é unha cidade solidaria, incluso os particulares se ofrecen a colaborar cos refuxiados.

Sometida a votación a Moción polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal do BNG e:

1.- Instar á Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado que asuma as súas responsabilidades con urxencia na crise humanitaria que están vivindo as persoas refuxiadas e inmigrantes en Europa e na contorna do Mediterráneo e que promova, no marco das institucións europeas, un xiro nas políticas de asilo e de cooperación cos países empobrecidos, e tamén demandar que rompa co coñecido como Protocolo de Dublín.

2.- Así mesmo, instar á Xunta de Galiza a que asuma as súas responsabilidades e participe facilitando os recursos e servizos necesarios para a acollida temporal de persoas refuxiadas en Galiza.

3.- Iniciar contactos coa FEGAMP e organizacións non gobernamentais que están traballando sobre esta problemática en Galiza para impulsar a creación dunha rede galega de concellos de acollida, que permita recoller a iniciativa cidadá e darlle apoio e organización e ofrecer soporte técnico.

4.- Impulsar no seo Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade o establecemento de liñas de traballo e de axudas en colaboración cos concellos para facilitar o acollemento de persoas refuxiadas.

5.- Xestionar a mobilización e disposición de créditos orzamentarios para axudar as persoas refuxiadas ou inmigrantes asentadas no noso concello.

6.- Trasladar este acordo ao presidente do goberno do Estado e da Xunta de Galiza.

11.- APROBACIÓN, SE PROCEDA, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG, EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO.: Dáse conta do ditame emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda e Especial de Contas, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 16 de setembro de 2015, do seguinte teor:

MOCIÓN EN DEFENSA DO SECTOR LÁCTEO GALEGO EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación do sector lácteo en Galiza a día de hoxe pódese cualificar de dramática. Após o inicio desta campaña, a primeira logo da desaparición das cotas lácteas e en que a produción fica totalmente liberalizada, a situación en Galiza estase volvendo absolutamente insostíbel para as explotacións.

A ausencia de adopción de medidas e de decisións políticas por parte do Goberno Galego e do Estado para preparar ao sector para poder competir neste novo escenario está provocando consecuencias desastrosas.

Levamos varios meses de caídas continuadas dos prezos en orixe que obrigan ás explotacións a vender o seu produto por debaixo dos custes de produción e afrontando importantes perdas. Esta situación deriva da nula capacidade de negociación para os e as gandeiras que se ven sometidas aos ditados das grandes multinacionais da industria que, como xa denunciou mesmo o Tribunal da Competencia, estableceron un complot para provocar esa baixada de prezos, sen que o Goberno mova un dedo para defender o sector ou protexelo ante esa situación.

Esta práctica ten consecuencias especialmente graves en Galiza, onde actualmente xa se están asinando contratos por debaixo dos 20 céntimos.

Por outra banda, xa desde o Bloque Nacionalista Galego, vimos denunciando desde hai meses que, coa liberalización do sector, na práctica as industrias son as que establecen agora as novas cotas á produción, deixando totalmente desvalido o sector produtor. Así, mentres no resto do Estado español e da Unión Europea se está a incrementar a produción, en Galiza estanse establecendo mecanismos de restrición. As industrias son as que determinan, canto, cando e onde se pode producir leite. Esta dinámica vese ademais reforzada pola falta de acción e intervención dos gobernos galego e estatal, que fican impasíbeis a pesar da gravidade da situación que pode condicionar non só o presente do sector, senón o seu futuro e viabilidade a longo prazo.

As consecuencias máis graves deste feito comezáronse a percibir de forma máis estendida nos últimos días. Tanto algunha industria como algúns primeiros compradores deciden unilateralmente, sen previo aviso e incumprindo os contratos asinados, que deixan leite sen recoller nas explotacións. Isto provoca, obviamente, unha situación terríbel por tratarse dun produto perecedeiro que está obrigando, en moitos casos a tirar o leite, xa que existen mesmo dificultades para atopar quen llelo recolla case que “regalado”.

De se manter esta situación durante máis días pode acabar por ser irreversible para moitas explotacións que, en moitos casos, levan meses botando man dos aforros para poderen manter a produción neste contexto de prezos.

O sector lácteo é a columna vertebral da economía rural, mesmo da persistencia de vida no rural en moitas comarcas. Non podemos consentir que peche nin unha explotación máis.

Non podemos seguir agardando, vendo como se esfarela un sector punteiro e viábel, sen que se tomen decisións urxentes para atallar a situación.

Por estas razóns o Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego somete a debate e aprobación polo pleno do Concello de Vilagarcía de Arousa esta moción propoñendo a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. O Concello de Vilagarcía de Arousa comprométese firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.

2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.

3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:

a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.

b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.

c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.

4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

Vilagarcía de Arousa, 10 de setembro de 2015

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes dos grupos municipais do BNG, PP, EU e Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes do grupo municipal do PSdeG-PSOE, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia e por maioría infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en defensa do sector lácteo galego.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que a situación do sector lácteo é dramática. A Administración non está facendo nada, hai sumisión ás grandes industrias.

Se está desfacendo un sector punteiro.

A seguir le a moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que vai apoiar a Moción e espera que a gandería teña o apoio dos organismos oficiais.

A situación mellorou un pouco pero aínda queda camiño por recorrer.

- Intervén o Sr. Fajardo Recouso dicindo que EU apoia a iniciativa. O acordo coa Administración non contou cos sindicatos maioritarios do sector. Parece que só se trata dunha declaración de intencións. Hai acordos firmados cos gandeiros por parte das empresas que logo se incumpren baixando o prezo por debaixo dos 20 céntimos o litro de leite.

Non se debe consumir no DIA. Denunciaron aos gandeiros que se mobilizaron diante das súas instalacións en Santiago de Compostela.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP pensa que a moción é extemporánea, xa hai un acordo asinado co sector lácteo galego, pero apoian a moción.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE apoia a moción. Houbo un acordo pero hai un colectivo que defende aos gandeiros e en Vilagarcía tamén foron apoiadas polo goberno local.

Sometida a votación a Moción polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción do grupo municipal do BNG e:

1. Comprometerse firmemente coa defensa do sector lácteo, co dereito a producir dos e das gandeiras e coa garantía de prezos en orixe xustos, para o cal adoptará posicións e demandas públicas contundentes na consecución destes obxectivos, situándose do lado do sector produtor asumindo as súas demandas nesta crítica situación.
2. Instar ao Goberno Galego e ao Goberno do Estado a fin de que a través de todos os mecanismos de que dispoñan apremen ás industrias e aos primeiros compradores a garantir a recollida de todo o leite que se produza nas explotacións galegas.
3. Instar ao Goberno Galego a que garanta a percepción dun prezo do leite en orixe xusto e que cubra os gastos de produción para o cal se adoptarán as seguintes medidas:
 - a) Crear un instrumento interprofesional de negociación e decisión coa participación do sector produtor, industria e distribución, actuando a administración como mediadora e catalizadora de acordos e velando polo cumprimento destes.
 - b) Estabelecer, nese ámbito, os criterios e indicadores sobre os que debe construírse a cadea de valor do leite e, por tanto, o prezo a percibir polos produtores e produtoras que, en ningún caso, poderá ser inferior ao de produción, así como os mecanismos para garantir a recollida da produción.
 - c) Reclamar a modificación do Real decreto 125/2015 coa finalidade de introducir mecanismos que garantan a posibilidade real de negociación entre produtores e industrias das condicións contractuais; mecanismos de garantía de recollida de produción, así como do volume e marxe de tolerancia, así como de instrumentos de mediación e vixilancia de cumprimento das condicións de negociación e cumprimentos contractuais.
4. Urxir ao Goberno Galego a que realice unha campaña de inspección no ámbito das súas competencias, e instar ao Estado a que faga o propio no ámbito das súas, para perseguir e sancionar as prácticas de dumping nas grandes áreas de distribución evitando a banalización do leite e a súa utilización como elemento de reclamo mediante a súa venda a perdas.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO BNG EN DEFENSA DO APARCADOIRO PÚBLICO NA ESTACIÓN DE RENFE.: Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal do BNG coa data de 16 de setembro de 2015, do seguinte teor:

MOCIÓN EN DEFENSA DO APARCADOIRO PÚBLICO NA ESTACIÓN DE RENFE
EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estación de ferrocarril de Vilagarcía de Arousa tense convertido nunha estación das máis usadas dentro do Eixo Atlántico, e este feito fai que sexan miles de veciñas e veciños os que pasan pola mesma a diario. Tendo en conta que unha gran parte dos usuarios son dos arredores de Vilagarcía de Arousa, isto conleva que ademais dos servizos do transporte público tamén exista un número importante no desprazamento destas persoas en transporte privado.

Entendemos que para este fin foi concibida e proxectada no seu día a praza pública da estación, un espazo que acollese esta necesidade de aparcadoiro tanto para os transportes públicos e de tránsito,

como tamén para aqueles que, tendo decidido o uso do tren como medio para desprazarse, vense na necesidade de deixar o seu vehículo por un tempo neste aparcadoiro/espazo público.

As ansias privatizadoras do PP, ademáis da Educación e Sanidade, está a alcanzar tamén a outros servizos como o está sendo este de privatizar espazos públicos para aparcadoiros.

Dende O BNG, opoñémonos a este proxecto de aparcadoiro de pago e consideramos que esta praza da estación debería seguir sendo pública e de balde como ata o de agora.

O BNG considera que a privatización deste espazo vai prexudicar de forma moi importante:

1. Aos usuarios e usuarias deste servizo, sobre todo daqueles que o utilizan a diario (estudantes e traballadores). Un perxuízo que por incidir en colectivos máis vulnerables economicamente, pode ter ademáis, un efecto disuasorio do uso deste medio e como consecuencia o deterioro para a propia estación ademáis no do propio medio de transporte.

2. As veciñas e veciños que usan a diario este aparcadoiro e que se verían na obriga de ter que buscar unha alternativa que non posúen, o que podería provocar un problema circulatorio en toda a contorna.

3. Tamén para a propia cidade de Vilagarcía ao servir este espazo para aliviar a necesidade de aparcadoiros no casco urbano.

Entendemos tamén que non se pode considerar de interese público este proxecto; xa que neste caso, non só prexudica ao público en xeral, senón que ademáis prexudica as pequenas e medianas empresas de arredor do aparcadoiro da estación de Renfe. Tendo en conta ademáis que Adif poidería contar con outras alternativas, consideramos que esta elixida é a opción máis perxudicial para o interese público.

Así mesmo o BNG considera este proxecto inviable dado que, ademáis ocupa espazo público mais aló do propio terreo de Adif, coa instalación dunha caseta. Tamén propón cambios na circulación de transporte pesado, para carga e descarga, por unha vía que non podería asumir dito tránsito, e menos, no caso de levarse adiante o proxecto do aparcadoiro privado.

O BNG considera polo tanto que a decisión por parte de Adif de privatizar este servizo nesta praza da estación, ademáis de non cumprir coa legalidade urbanística actual, provocaría un gran perxuízo non só para os usuarios e para a cidade de Vilagarcía de Arousa, senón que tamén para o uso do transporte público, que é tan preciso potenciar.

Por estes motivos son polos que solicitamos deste pleno da corporación de Vilagarcía de Arousa a adopción dos seguintes

ACORDOS

1. Emisión por parte deste Concello de informes negativos e opoñéndose ao proxecto presentado por parte de ADIF para a creación deste aparcadoiro privado na Praza da Estación.

2. Instar ao Ministerio de Fomento e goberno do Estado español, a non autorización e construción, por parte de ADIF, deste proxecto de aparcadoiro privado na Praza da Estación de Vilagarcía de Arousa.

3. Trasladar o rexeitamento deste pleno a este proxecto de privatización deste espazo, ate o de agora de uso público e instar ao goberno do Estado, Ministerio de Fomento e ADIF a consensuar co Concello de Vilagarcía de Arousa calquera alternativa.

Vilagarcía de Arousa, 3 de setembro de 2015

- Pola Secretaria Xeral se indica que o apartado 1 da Moción debe ser corrixido para adaptarse á normativa de aplicación.

Non habendo máis intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal do BNG informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, EU e Somos Maioría din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia infórmase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo político municipal do BNG en defensa do aparcadoiro público na Estación de Renfe.

Dáse conta do informe da Secretaria Xeral e comunicado remitido dende o Concello a ADIF.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que a Estación de Vilagarcía de Arousa é das mais utilizadas dentro do Eixo Atlántico. As ansias privatizadoras pretenden privatizar o uso público do parking e o BNG se opón xa que prexudicará aos usuarios.

A seguir le a moción.

Di que non hai interese público neste proxecto e ADIF podería ter outras alternativas que non prexudicaran o interese público.

O informe de Urbanismo fala de incumprimentos do PXOM en vigor, porque inclúe un espazo que non é de ADIF. Fai propostas circulatorias imposibles e piden que o goberno sexa firme na defensa deste espazo público e emita uns informes e alegacións desfavorables, e polo tanto, que non se leve adiante o proxecto.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que concorda cos aspectos base da Moción. O Parking debe ser público e gratuito, poucas estacións quedan cun espazo gratuito como en Vilagarcía de Arousa. Se se engade aos viaxes o incremento do parking supón un desembolso importante.

Votará a favor, que o Concello adopte as medidas posibles que defendan o carácter público do parking.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que a Secretaria fai un plantexamento no seu informe e no se leu. A praza é de titularidade pública e adoce o proxecto de ADIF de incumprimentos do PXOM.

Hai que defender o espazo de forma contundente.

O goberno local da por perdida a loita e busca alternativas.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que as mocións deben ser legais en base aos informes e deben evaluarse. Hai unha preocupación na xente por ser un tema importante.

Débase xestionar unha mellora do entorno e pode haber un grande espazo para aparcamento. A privatización do parking de Vilagarcía non hai por que aceptala. O Goberno Local ten que realizar xestións ante a Xunta de Galicia e Fomento, mantendo a gratuidade do aparcamento e alternativas.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE comparte a iniciativa da Moción, os informes están no expediente e presentáronse obxeccións. Débase retirar o apartado 1. Os informes dos técnicos deben emitirse de acordo coa lexislación.

- O Sr. Alcalde indica que o informe é negativo agora, pero pode ao longo do proceso variar en base ás alegacións que se presenten, débese eliminar o apartado 1 da moción.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que eliminan o apartado 1 e quedan os apartados 2 e 3 da Moción.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que lle sorprende que o informe se cambie a positivo posteriormente.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que pediron un informe sobre a realizade da zona e o remitiron a ADIF, quen considera que non precisa autorización por ser de interese xeral a obra.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que non aceptan a emenda do PP.

Sometida a votación a Moción polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presentes no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE:

1. Instar ao Ministerio de Fomento e goberno do Estado español, a non autorización e construción, por parte de ADIF, deste proxecto de aparcadoiro privado na Praza da Estación de Vilagarcía de Arousa.
2. Trasladar o rexeitamento deste pleno a este proxecto de privatización deste espazo, ate o de agora de uso público e instar ao goberno do Estado, Ministerio de Fomento e ADIF a consensuar co Concello de Vilagarcía de Arousa calquera alternativa.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DE SOMOS MAIORÍA, PARA A REPOBOACIÓN ARBÓREA EN CORNAZO, RODRIGO DE MENDOZA, PRAIA COMPOSTELA E PRAZA DE ABASTOS.: Pola Sra. Secretaria dáse lectura ó ditame emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo e Servizos, en sesión celebrada o día 21 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Dáse conta da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría coa data de 17 de setembro de 2015, do seguinte teor:

Gaspar Antonio González Somoza, concelleiro e voceiro do Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG), ao abeiro do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, desexa propoñer para a súa consideración por parte do Pleno Municipal de Vilagarcía de Arousa a seguinte moción:

MOCIÓN PARA A REPOBOACIÓN ARBÓREA EN CORNAZO, RODRIGO DE MENDOZA, PRAIA COMPOSTELA E PRAZA DE ABASTOS

Vivimos un momento no que cada día que pasa son máis necesarias as árbores que compensen a polución que producimos, a unha escala moi grande. Malia iso todo, ante esta necesidade de rexenerar zonas verdes, semella que a repoboación arbórea é un tema pendente que se vai deixando pasar ano tras ano. Cómpre darlle a Vilagarcía de Arousa unha nova fonte de osíxeno e non se pode seguir deixando que pase o tempo.

Pola contra, durante os últimos anos procedeuse ao arrincado das árbores en distintas partes de Vilagarcía. Concretamente, na zona próxima á Praza de Abastos pegada ao Río do Con, naqueles sitios onde había árbores plantadas elimináronse estas e enchéronse os ocos con formigón na meirande parte dos casos. Igualmente, na remodelación da rúa Rodrigo de Mendoza elimináronse as árbores e hoxe aquilo é unha rúa na que hai bancos, hai uns maceteiros, pero as árbores que fagan un pouco de sombra desapareceron. Na Praia de Compostela, talláronse árbores -nalgúns casos de enorme valor botánico- e enchéronse tamén os ocos con formigón para aumentar as prazas de aparcamento. Do mesmo xeito, no aberto próximo á Igrexa de San Pedro de Cornazo realizouse un labor de asfaltado por parte da Deputación de Pontevedra e agora mesmo esa zona presenta a imaxe dunha chaira de asfalto sen ningunha árbore que lles dea algo de sombra, por exemplo, aos elementos deportivos que se instalaron na zona máis alta de toda esa área, concretamente pegada á estrada que baixa desde a Igrexa.

Seguindo o programa electoral co que se presentou a nosa formación ás eleccións do pasado 24 de maio, o noso modelo de vila pretende, entre outras moitas características, alcanzar a sustentabilidade ambiental, e iso inevitablemente pasa polo repoboamento de todas aquelas árbores retiradas.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Municipal de Somos Maioría Vilagarcía (PDDdG) propón que se realicen as seguintes accións de humanización nesas zonas anteriormente mencionadas, coa:

- Reposición de árbores iguais ás que existían na zona entre o Río do Con e a Praza de Abastos e das que unicamente quedan uns exemplares.
- Incorporación de árbores na rúa Rodrigo de Mendoza que permitan establecer unhas zonas de sombra á beira do río.
- Recuperación dos exemplares das distintas especies eliminadas na Avenida Rosalía de Castro, na zona pegada á Praia de Compostela.

• Humanización dos arredores do aberto próximo á Igrexa de San Pedro de Cornazo co levantamento do asfalto nalgunhas zonas do mesmo e coa plantación de árbores autóctonas galegas. Neste caso, de maneira directa por parte do Concello se son terreos municipais, ou mediante a realización das xestións oportunas para dita humanización no caso de que sexan propiedade doutras institucións.

Asdo.: Gaspar Antonio González Somoza

Non habendo intervencións, sométese este asunto a votación co seguinte resultado:

VOTACIÓN:

Os/as representantes do grupo municipal de Somos Maioría informan favorablemente.

As/os representantes dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP, BNG e EU, din que se manifestarán no Pleno e polo tanto abstense.

En consecuencia informase favorablemente a aprobación da moción presentada polo grupo municipal de Somos Maioría para a repoboación arbórea en Cornazo, Rodrigo de Mendoza, Praia Compostela e Praza de Abastos.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que é a primeira moción que presenta. Defende unha vila sustentable e a sustentabilidade ambiental.

Cortáronse árbores dun modo inexplicable (Rosalía de Castro, Praza de Abastos, Rodrigo de Mendoza, Cornazo,..), e débese humanizar a zona próxima á Igrexa de Cornazo. Débense levantar áreas de asfalto e plantar árbores autóctonas.

Tamén no Bosque dos Desamparados, subida á Estación, etc.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que é preciso humanizar a cidade, e moito máis despois de un goberno amigo da motoserra. Hai déficit de espazos verdes e árbores. Hai que repoñer árbores e o BNG apoia a moción.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que hai falta de arborado e sufriuse a eliminación en varias zonas de Vilagarcía. Débese facer un estudo das árbores máis adecuadas.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que o PP está de acordo coa moción. Se pregunta se o Sr. González Somoza falou coa AA.VV. de Cornazo que foi a que pediu o aparcamento. Houbo talas na súa etapa, cos informes técnicos pertinentes. As árbores do Parque Compostela dan sombra ao aparcamento, inflúen tamén os recursos para dar sustentabilidade, e se deben estudar as árbores a plantar antes da súa plantación.

Que se faga un estudo das árbores a plantar no futuro.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE fixo un inventario coas rúas e especies que teñen plantadas. Por cada árbore que se tale plantaran dúas árbores. Hai que ver a dotación orzamentaria. Hai contactos para facer un plan de explotación do Monte Xiabre con Catoira e Caldas.

Sinala que recuperaron o programa de compostaxe.

Apoian a moción.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que no tema da Igrexa de Cornazo faláron de xestións con outras institucións. Non falou de sombra na Praia de Compostela.

Celebra que o grupo de goberno estea iniciando o camiño.

Sometida a votación a moción polo Sr. Alcalde da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Por unanimidade de tódolos Concelleiros presente no Pleno (20 de 21)

ACÓRDASE: Aprobar a moción de Somos Maioría e que se realicen as seguintes accións de humanización nas zonas mencionadas:

- Reposición de árbores iguais ás que existían na zona entre o Río do Con e a Praza de Abastos e das que unicamente quedan uns exemplares.
- Incorporación de árbores na rúa Rodrigo de Mendoza que permitan establecer unhas zonas de sombra á beira do río.
- Recuperación dos exemplares das distintas especies eliminadas na Avenida Rosalía de Castro, na zona pegada á Praia de Compostela.
- Humanización dos arredores do aberto próximo á Igrexa de San Pedro de Cornazo co levantamento do asfalto nalgunhas zonas do mesmo e coa plantación de árbores autóctonas galegas. Neste caso, de maneira directa por parte do Concello se son terreos municipais, ou mediante a realización das xestións oportunas para dita humanización no caso de que sexan propiedade doutras institucións.

15.- INTERPELACIÓNS.

Non se presentaron

16.- MOCIÓNS PRESENTADAS POLOS GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS POR RAZÓNS DE URXENCIA.

En cumprimento do preceptuado no artigo 91.4º do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, concluído o exame dos asuntos incluídos na Orde do Día, e antes de pasar á rolda de rogos e preguntas, o Sr. Alcalde preguntou se algún grupo político desexaba someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria e que non teña cabida no citado punto de rogos e preguntas, propoñéndose a seguinte moción:

MOCIÓN URXENTE SOBRE ORGANIZACIÓN MUNICIPAL PRESENTADA POLA ALCALDÍA.

1) RETRIBUCIÓNS CORPORACIÓN MUNICIPAL.

A Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL), rompeu coa tradición da gratuidade do desempeño da función do cargo público local e estableceu ao amparo das corporacións elixidas democraticamente a posibilidade de que os cargos electos poidan percibir retribucións e indemnizacións polo desempeño do exercicio do cargo.

O artigo 75 LBRL contén a regulación dos dereitos económicos dentro do que se denomina Estatuto dos cargos electos e que comprende para as percepcións económicas dos cargos electos os seguintes conceptos:

- Retribución salarial cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación exclusiva.
- Retribución salarial cando desempeñen o cargo en réxime de dedicación parcial.
- Asistencias pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados na contía sinalada polo Pleno.
- Indemnizacións polos gastos efectivos ocasionados no exercicio do cargo.

Debe terse en conta que tanto os cargos con dedicación exclusiva como con dedicación parcial non perciben ningunha contía económica en concepto de asistencias aos órganos colexiados da corporación.

A Alcaldía presenta a seguinte proposta para a aprobación polo Pleno da Corporación Municipal:

Primeiro.- Cargos políticos con dedicación exclusiva:

- Retribucións anuais

- Alcalde:	48.000,00 € (14 pagas)
- 1ª Tenente Alcalde: (dedicación exclusiva)	31.601,67 € (14 pagas)
- Concelleira Delegada Urbanismo e Infraestruturas: (dedicación exclusiva)	27.678,10 € (14 pagas)
- Concelleiro Delegado Servizos e Relacións veciñais: (dedicación exclusiva)	27.678,10 € (14 pagas)
- Concelleira Delegada Cultura, Xuventude e Persoal: (dedicación exclusiva)	27.678,10 € (14 pagas)
- Concelleiro/a non pertencente ao grupo de goberno (PP)(dedicación parcial 75%)	20.758,57 € (14 pagas)

Os/as concelleiros/as que se acollan ao réxime de dedicación exclusiva ou parcial, non percibirán ningunha contía económica pola asistencia ás sesións da Xunta de Goberno Local, Comisións Informativas e Plenos.

Os cargos electos nomeados serán dados de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, asumindo a Corporación o pagamento das cotas empresariais correspondentes.

Segundo.- Persoal eventual (postos e contías):

- 1 Director de actividades deportivas: Retribución anual:	23.445,94 € (14 pagas)
- 1 Secretario particular Alcaldía: Retribución anual:	23.445,94 € (14 pagas)
- 1 Cargo de confianza non pertencente ao grupo de goberno (PP): (xornada 65%)	15.238,86 € (14 pagas)

Terceiro.- Suprimir os postos de 2 auxiliares da Alcaldía e suprimir tamén o posto de asesor de órganos de goberno.

Cuarto.- Crear o posto de Secretario particular da Alcaldía e de cargo de confianza non pertencente ao grupo de goberno (PP) como persoal eventual.

Quinto.- Aprobar o seguinte réxime de asistencias dos cargos electos do Concello de Vilagarcía de Arousa:

1. Por concorrencia efectiva a reunións de órganos colexiados: Os membros da Corporación que non teñan dedicación exclusiva ou parcial percibirán indemnizacións por **asistencias** a reunións de órganos colexiados da Corporación nas contías que abaixo se indican:

Asistencia a Plenos:	110 €
Asistencia a Xunta de Goberno Local:	110 €
Asistencia a Comisións Informativas:	110 €

As asistencias devengarase por cada sesión celebrada a partires do 13 de xuño de 2015, data da toma de posesión da actual Corporación Municipal.

Estas asistencias deberán ser xustificadas mediante certificación expedida polo/a Secretario/a do órgano colexiado.

2. Indemnización polos gastos ocasionados no exercizo dos seus cargos: Os membros da Corporación terán dereito a ser indemnizados polos gastos efectivos ocasionados no exercizo do seu cargo nos termos establecidos no Real Decreto 462/2002 de 24 de maio sobre indemnizacións por razón de servizo.

A tales efectos teranse en conta as contías sinaladas no RD 462/2002 para o grupo I, de conformidade có sinalado na Base 49 das Bases de Execución do Orzamento actualmente vixentes.

Estas indemnizacións serán compatibles co desenrolo de cargos en réxime de dedicación exclusiva ou parcial.

CONTÍAS DE DIETAS:

Por aloxamento	Por manutención	Dieta enteira
GRUPO 1: 102,56 €	53,34 €	155,90 €
Kilometraxe: 0,19 €/Km.		

Sexto: Que cada un dos grupos municipais constituídos conte cunhas dotacións económicas coas seguintes características:

Compoñente fixo mensual por cada grupo: 300,00 €

Compoñente variable mensual: 300,00 € por cada concelleiro que integre o grupo.

Sétimo: Tendo en conta os grupos constituídos, e segundo a composición derivada dos resultados acadados nas eleccións municipais celebradas o 24 de maio de 2015, a dotación económica de cada un dos grupos municipais, é a que de seguido se indica:

GRUPO MUNICIPAL	Nº CONCELLEIROS	COMPONENTE FIXO	COMPONENTE VARIABLE	TOTAL MENSUAL	TOTAL ANUAL
PSdeG-PSOE	8	300 €	300	2.700	32.400
PP	7	300€	300	2.400	28.800
EU	3	300€	300	1.200	14.400
BNG	2	300€	300	900	10.800
Somos Maioría	1	300€	300	600	7.200

Oitavo: A periodicidade do recoñecemento da obriga e do pago será de carácter mensual, o presente acordo producirá efectos económicos a partir 1 de xullo de 2015, tendo en conta que os grupos políticos municipais se constituíron na semana do 15 ao 19 de xuño de 2015.

Noveno: Publicar integramente no BOP e no taboleiro de anuncios da Corporación os acordos plenarios referentes ás retribucións dos cargos con dedicación exclusiva e parcial e réxime de dedicación de estes últimos, persoal eventual, indemnizacións e asistencias, así como as asignacións aos grupos políticos municipais, segundo o disposto na Lei 7/1985 reguladora de Bases de Réxime Local.

2) REPRESENTACIÓN EN ÓRGANOS COLEXIADOS:

Preséntase ó Pleno da Corporación Municipal a seguinte proposta de designación de representantes municipais nos órganos colexiados seguintes:

1º.- CONSELLO ESCOLAR DOS CENTROS DE EDUCACIÓN:

- I.E.S. Castro Alobre: Grupo EU
- I.E.S. Miguel Angel González Estévez: Grupo EU
- I.E.S. Fermín Bouza Brey: Grupo BNG
- I.E.S. Armando Cotarelo Valledor: Grupo EU
- Centro de Educación Especial: Grupo PP
- C.E.I.P. A Lomba e Anexo A Lomba: Grupo PSdG-PSOE
- C.E.I.P A Escardía: Grupo PSdG-PSOE
- C.E.I.P Vilaxoán: Somos Maioría
- C.E.I.P O Piñeiríño: Grupo PP
- C.E.I.P Vagalume: Grupo PP
- C.E.I.P Arealonga: Grupo PSdG-PSOE
- C.E.I.P O Carril: Grupo PP
- C.E.I.P Rubiáns: Grupo PSdeG-PSOE
- Conservatorio Municipal de Música: Grupo PSdG-PSOE
- Escola Oficial de Idiomas: Grupo PP
- Escola Infantil de O Carril: Grupo BNG
- Comisión de Escolarización de Vilagarcía de Arousa (Artigo 43, apartado d) da Orde de 17 de marzo de 2007 (DOG do 19 de marzo): Grupo PSdG-PSOE

• Consello Escolar Municipal:

PRESIDENTE: D. ARGIMIRO SERÉN MERA.

VOGAIS:

DONA ENCARNA CHOREN SANTOS

D. GERMÁN MANUEL TORRES DE ABOAL

D. GERMAN TORRES CANAY

DONA ROSINA SOBRIDO FERNÁNDEZ

D. JUAN MANUEL PAZ VALLE
DONA PURIFICACIÓN OLIVEIRA CORTÉS
D. JUAN MANUEL PÉREZ EYRE
D. JOSÉ IGNACIO CASTRO LOZANO
DONA ANA MARIA BLANCO BLANCO
DONA MARIA JOSEFA ÁLVAREZ GONZÁLEZ

2º.-CONSELLO DE ADMÓN. DA AUTORIDADE PORTUARIA DE VILAGARCÍA DE AROUSA:

Proponse a: **1 Representante do PP**
1 Representante do BNG

3º.- MANCOMUNIDADE VOLUNTARIA DE MUNICIPIOS DE AROUSA (Comisión Xestora Matadoiro):

Proponse a: D. Alberto Varela Paz (Presidente)
Vogal: Grupo PSdG-PSOE

4º.- PADROADO DO ASILO-HOSPITALILLO:

Proponse a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quén delegue.

5º.- EIXO ATLÁNTICO DO NOROESTE PENINSULAR:

Proponse como Titular a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

6º.- FUNDACIÓN PÚBLICA DEPORTIVA “MONTE CASTROVE”:

Proponse como Titular a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

7º.-CONSELLO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA.

De conformidade co disposto no regulamento aprobado o 18 de xullo de 1997:

Presidente (Alcalde): D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

Vogais: D/Dona Sonia Outón Casal (Concelleira de Cultura) e 1 concelleiro/a por grupo político municipal.

-1 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

8º.-FUNDACIÓN RUTA XACOBEA DO MAR DE AROUSA E ULLA.

Proponse como Titular a: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

9º.- FUNDACIÓN FEXDEGA:

Propónse:

- Presidente: D. Alberto Varela Paz
- Vicepresidente: 1 representante PP
- Catro concelleiros:
-1 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG

10º.- CONSELLO LOCAL DE CONSUMO:

De conformidade co disposto no artigo 3 do regulamento aprobado o 14 de maio de 1992:

Presidente (Alcalde): D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quén delegue.

Vicepresidente: D. Juan Antonio Pérez Callón

Vogais: (1 concelleiro/a por grupo político municipal) .

- 1 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU-SON
- 1 “ BNG
- 1 “ PDDG-Somos Maioría

11º.- CONSELLO CONSULTIVO ECONÓMICO E SOCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 3 do regulamento aprobado definitivamente o 30 de marzo de 2012, proponse:

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quén delegue.

Vogais (6 representantes municipais):

- 2 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

12º.- COMITÉ COMARCAL DA CRUZ VERMELLA NO SALNÉS .-

Proponse

D/Dona Tania García Sanmartín

13º.- COMISIÓN MIXTA PARITARIA DE CONTROL E SEGUIMENTO DO ACORDO MARCO E CONVENIO COLECTIVO.-

Propóñense aos/ás seguintes concelleiros/as:

ACORDO MARCO

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou Concelleiro en quen delegue.

Vogais: Proponse a designación de tres concelleiros/as:

- **1 Representante do PP**
- **1 Representante de EU**
- **1 Representante do BNG**

CONVENIO COLECTIVO

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou Concelleiro en quen delegue

Vocal: Proponse a designación de dous concelleiros/as:

- 1 representante PP**
- **1 “ EU**

14º.- COMISIÓN DE CONTROL DO PLAN DE PENSIÓNS.-

Propónse a desingación de tres membros da Corporación:

- **1 representante PSdG-PSOE**
- **1 “ PP**
- **1 “ EU**

15º.- CONSELLO VECIÑAL:

De conformidade co disposto no artigo 3 do regulamento aprobado o 12 de novembro de 1992:

Presidente: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quén delegue.

Vogais: (1 concelleiro/a por grupo político municipal)

- 1 representante PSdG-PSOE

- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

16º.- CONSELLO DE NAVEGACIÓN.-

Propónse a D. Alberto Paz Varela ou concelleiro/a en quén delegue.

17º.- COMITÉ DE SEGURIDADE E SAÚDE LABORAL.-

Presidente: D. Alberto Paz Varela, ou concelleiro/a en quén delegue.

Vogais (5 membros), propónse:

- 1 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

18º.- CONSELLO LOCAL DA MULLER.-

De conformidade co disposto no regulamento aprobado o 31 de xaneiro de 2002:

Presidente/a : D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue:

Vogais: (1 concelleiro/a por grupo político municipal).

- 1 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

19º.- MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (Xunta).-

Conforme ao previsto no artigo 4 dos Estatutos da Mancomunidade (DOG 17 de abril de 2015) resulta membro da mesma o Alcalde do Concello (ou concelleiro/a en quen delegue) ademais de dous representantes municipais elixidos no pleno de cada concello en votación única, podendo ser candidatos calquera concelleiro.

- 1 representante PSdG-PSOE
- 1 representante PP

20º.- FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVICIOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS (FPSDM) (BOP 24-01-2012).- CONSELLO RECTOR:

Presidente: D. Argimiro Serén Mera (Concelleiro de Deportes)

Concelleiros: 8 designados polo Pleno Municipal

- 3 representante PSdG-PSOE
- 2 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

21º.- MESA LOCAL DE COMERCIO (Acordo Plenario 30-01-2012).

De conformidade co artigo 2 do Regulamento da Mesa Local de Comercio, propónse:

- Alcalde: D. Alberto Varela Paz.
- O Concelleiro de Comercio D. Juan Antonio Pérez Callón

- Dous Concelleiros/as:

- 1 representante PP
- 1 “ EU

22º.- CONSELLO LOCAL DA 3ª IDADE:

Un representante de cada grupo político municipal.

- 1 representante PSdG-PSOE
- 1 “ PP
- 1 “ EU
- 1 “ BNG
- 1 “ Somos Maioría

23º.- FUNDACIÓN PLÁCIDO CASTRO

Proponse a: 1 concelleiro

Dona Sonia Outón Casal

24º.- PADROADO DO PARQUE NACIONAL MARÍTIMO-TERRESTRE DAS ILLAS ATLÁNTICAS DE GALICIA.-

Proponse os seguintes concelleiros/as:

Titular: D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

25º.- GRUPO DE ACCIÓN COSTEIRA

Proponse a: 1 concelleiro/a PSdG-PSOE

26º.- FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE

- Proponse a: 1 concelleiro

Dona Tania García Sanmartín

27º.- ESTACIÓN DE HIDROBIOLOXÍA DO ENCORO DE CASTRO DE AGUDÍN

- Proponse a:

D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

28º.- GRUPO DE DESENVOLVEMENTO RURAL:

- Proponse a:

D. Alberto Varela Paz ou concelleiro/a en quen delegue.

Vilagarcía de Arousa, 24 de setembro de 2015.

O ALCALDE-PRESIDENTE

Asdo: Alberto Varela Paz

- Intervén a Sra. García Sanmartín xustificando a urxencia da moción polo retraso que se está padecendo no nomeamento de representantes en órganos colexiados, salarios, etc.

Sometida a votación a declaración de urxencia da Moción citada da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE (8) e PP (7), e cinco votos en contra dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (3), BNG (1) e Somos Maioría (1).

ACÓRDASE: Por maioría a declaración de urxencia da Moción sobre a Organización Municipal.

A seguir abrese o turno de intervencións polo Alcalde.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que se propoñen os salarios máis baixos da historia de Vilagarcía para o Alcalde e Concelleiros Liberados. O Secretario persoal do Alcalde existe a etapa de D. José Recuna, e o Técnico da FPSDM existe dende 2001 ata 2015 e se cuestiona todo agora.

A proposta recolle os principios salariais da FEMP, é moi inferior a outros Concellos (Alcalde de Vilanova), as dos concelleiros liberados son as mais baixas (Tte. Alcalde: mais baixo que o de Cambados e Ribadumia).

O grupo Socialista intentou negociar con tódolos grupos, incluso cos medios de comunicación diante.

Pódese comprobar a actividade dos Concelleiros do grupo de goberno. Se pediron propostas aos grupos, formularon propostas algúns grupos, outros non. As retribucións faránse públicas coas primeiras nóminas que se perciban. A nómina do Alcalde son 2.200 € ao mes. Que a xente traballe con salarios adecuadas á súa responsabilidade.

A proposta é a presentada aos medios de comunicación tanto nos salarios como nos órganos colexiados e se fai en función da representación no Pleno.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo “Nada novo baixo o sol”. Xa o oiron o 6 de xullo. Somos Vilagarcía de Arousa está dende maio 2015 a 2019. Non entra en comparacións.

Non se desbloqueou a organización e non sabe porque, e presentou a súa oferta económica.

Isto agora chega por un pacto e vai quedar aprobado. Debe explicarse o que se está levando a cabo agora.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que é un día triste para Vilagarcía. Traizoan á cidadanía e aos votantes do PSOE. Non se respecta o mandato da cidadanía. Se permite a un partido nefasto para Vilagarcía que volva a gobernar e a falta de interese do goberno local de acadar un goberno pola esquerda. O BNG non solicitou cargos nin participar no goberno, puxeron como condicións maior democratización e maior participación cidadá. Non pretenden ningún cargo nin o pediron. Non entenden a decisión que se trae ao Pleno, é absurda e irresponsable e dalle poder a unha dereita negativa para a cidade.

- Intervén o Sr. López Rodríguez manifestando que é a constatación dun fracaso do diálogo, dos ideais, dos principios, dicía que o Alcalde se reunía co PP por cortesía. O obxectivo son as cuestións retributivas e algúns consideran que certa moralidade queda no camiño. Hai que compararse, fixeron unha convocatoria para os medios, vai cobrar máis que en A Coruña e Santiago.

Alégrase que quede claro que a esquerda está unida, todos din que non.

Hoxe a prensa recolle o acordo PP-PSOE, recolle o informe negativo as mocións de EU pero os informes negativos ás mocións de outros grupos non se recollen na prensa.

“Milagre, a multiplicación é posible”, se cede un cargo ao BNG, e nese caso non e proporcional.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo que hoxe é un día alegre para Vilagarcía.

O PP mostra sentido común e explicarán como se desenvolveu o acordo. Isto é un fracaso absoluto da esquerda e do grupo de goberno pois sempre excluiron ao PP.

Está na man da esquerda formar goberno. A única proposta detallada é a do PP. ¿Cando se pediu a proposta ao PP? Fai un mes, cando os demais non accederon, se chegou a un acordo.

Non agacharon a proposta, a presentaron por Rexistro.

Sabían que pola esquerda non ían a chegar a un acordo e obrigaron dende a esquerda ao PSOE a aceptar as propostas do PP.

Deben explicar aos seus votantes este pacto antinatura. En xuño dixeron cortesía e logo o PP dixo sensatez e responsabilidade e o día a día dirá se é beneficioso este acordo para os vilagarcíans.

- Intervén a Sra. García Sanmartín dicindo que o PSOE tivo intentos con Somos Maioría e a súa proposta era económica, baseada en cálculos erróneos. E dixeron que en Cambados traballa moito o Concelleiro de Somos Maioría e por iso cobraba máis.

Aos Sres. Do BNG dicirlle que isto non é un pacto de goberno, en Pontevedra non se chegou a ningún acordo con Jacobo Moreira, nin na Deputación de Pontevedra con Chema Figueroa. Isto é como no 2003 en Vilagarcía. Xulio Ferreiro liberou 25 de 27 membros da Corporación. Non se pacta un goberno.

O PP segue sendo oposición e o PSOE goberno.

En canto a EU, le a acta do Pleno de 6 de xullo, na que non fan ningunha proposta. EU mandou un correo coa súa proposta e pedían cargos.

Nun comunicado aos medios de comunicación non falaron dos cargos que querían ocupar. Aquí unha persoa de EU cobra mais que o dobre do Alcalde. 6 asesores do grupo parlamentario de AGE no Parlamento. Non se lle collía o teléfono ao Alcalde nin a ela mesma.

O Alcalde renunciou ao seu posto de traballo. Non quixeron dende EU sentarse a negociar.

- Intervén o Sr. González Somoza dicindo que se lle acusou de covardía, e non ten nada que xustificar, pode ter erros numéricos a súa proposta e se debe explicar estes acordos co PP.

Ensinar correos privados sen autorización doutras persoas lle parece moi grave. O ano 2003 non é o mellor ano para recordar.

DI que fixeron unha proposta separada, a económica da administrativa.

Se están convencidos desta proposta actual lévena a cabo.

- Intervén o Sr. Ríos González dicindo que coincide co Sr. Fole no antinatura. O BNG foi moi claro en todo momento. As súas propostas foron claras. Un goberno desafiuzado volve a participar e a impoñer unhas propostas que levaba no seu goberno e ademais non eran de todo positivas.

- Intervén o Sr. López Rodríguez dicindo que pode ensinar os correos e as chamadas de teléfono, e contestou cando puido.

EU ten unhas propostas, seguen comparándose, os asesores poden cubrirse co persoal do Concello, e o técnico da FPSDM debe ser unha contratación pública.

O Deputado se somete a uns salarios marcados, aquí se pode incidir nos salarios.

Aí figuran cargos, pero era a proposta do PSOE, EU dixo que estaba interesada nos Colexios Públicos. O PSOE de Meaño dicía tamén que os asesores da Alcaldesa non sexan a cargo do Concello.

Aceptar proxectos do PP responde a intereses, pero non aos dos cidadáns. Agora hai un liberado mais e mais cartos. Non falten á verdade, poden chegar a acordos. Auga e aceite non se mesturan. A esquerda en Vilagarcía está unida e mais claro quen a forma e quen non.

- Intervén o Sr. Fole Díaz dicindo, cruces de email, chamadas, etc., a única intención da esquerda é desgastar ao que manda. Cando pactou o BNG e o PSOE era democrático. ¿Qué aspectos programáticos formularon?. Nada de nada.

O PP presentou unha proposta con catro apartados claros: grupo de traballo (proxectos, economía e persoal, promoción económica e emprego...)

Proxectos que tiñan cando estaban no goberno que continuarán (Xogos en O Castríño e Praia Compostela, Fexdega, terrazas, mellora iluminación edificios, CEIP Rubiáns, Conde Vallengano e Avda. Mariña, terreos próximos á piscina municipal...)

Deron un salto por que se sentaron a falar.

O PP quere que o Alcalde cobre como o funcionario que mais gane, co límite legal como tope.

Houbo un fracaso da esquerda.

- Intervén o Sr. Alcalde dicindo que as posicións están claras e non merece a pena discutir estes argumentos. Levan tempo traballando. É fácil estar na barreira. O PP fará propostas e apoiarán as que sexan boas para Vilagarcía. Vilagarcía necesitaba un pacto de cidade e seguen buscando acordos con todas as forzas políticas.

Se dicían cousas en privado e en público outras.

Non votan a favor por falta de valentía. Son salarios baixos e dignos, e levan traballando tres meses gratis.

Se non houberse eleccións xerais as posturas serían diferentes.

Sometido a votación a moción urxente presentada pola Alcaldía e transcrita anteriormente, da o seguinte resultado:

VOTACIÓN.- Con quince votos a favor dos membros pertencentes ós grupos políticos municipais do PSOE (8) e PP (7) e cinco votos en contra dos membros pertencentes aos grupos políticos municipais de EU (3) BNG (1) e Somos Maioría (1),

ACÓRDASE: Por maioría aprobar a moción urxente sobre a organización municipal tal e como figura redactada.

A seguir procédese á designación dos representantes do Concello na Mancomunidade do Salnés:

MANCOMUNIDADE DO SALNÉS (Xunta).-

Conforme ao previsto no artigo 4 dos Estatutos da Mancomunidade (DOG 17 de abril de 2015) resulta membro da mesma o Alcalde do Concello (ou concelleiro/a en quen delegue) ademais de dous representantes municipais elixidos no pleno de cada concello en votación única, podendo ser candidatos calquera concelleiro.

Propoñéndose ademais do Alcalde Presidente a:

- Dona Tania García Sanmartín, en representación do PSdG-PSOE
- D. Tomás Javier Fole Díaz, en representación do PP

O grupo municipal de EU propón a D. Jesús López Rodríguez
O grupo municipal do BNG propón a D. Xavier Ríos González
O grupo municipal de Somos Maioría non propón representante.

Sometido a votación, da o seguinte resultado:

- **Dona** Tania García Sanmartín, obtén oito votos a favor dos membros do grupo municipal do PSdG-PSOE.
- D. Tomás Javier Fole Díaz, obtén sete votos a favor dos membros do grupo municipal do PP.
- D. Jesús López Rodríguez, obtén tres votos a favor dos membros do grupo municipal de EU
- D. Xavier Ríos González, obtén un voto a favor do grupo municipal do BNG.

En consecuencia, acórdase o nomeamento como representantes do Concello de Vilagarcía de Arousa na Mancomunidade do Salnés, os seguintes Concelleiros que obtiveron maior número de votos a favor:

- Dona Tania García Sanmartín, concelleira do grupo municipal do PSdG-PSOE.
- D. Tomás Javier Fole Díaz, concelleiro do grupo municipal do PP.

17.- ROGOS E PREGUNTAS. Por parte dos/as Sres./as Concelleiros/as fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:

- **O** Sr. González Somoza fai os seguintes rogos e preguntas:
Se supervisa o banco de libros polo Concelleiro de Educación
Ten vontade de colaborar na mellora da vida dos vilagarcíans e non presupoñan que dende Somos Maioría non queren traballar.
- Contesta o Sr. Serén que o banco de libros o levan os directores dos centros.
- O Sr. López Rodríguez pregunta quen vai levar o mantemento da Casa do Dr. Carús.
- O Sr. García Dorgambide di que fai dúas semanas que hai unha zona de recreo en Zamar, e o mantemento o fai o Concello, indica que se cortaron árbores por unhas persoas con permiso da Asociación de Montes de Rubiáns. Di que foi a Policía e quere saber como está ese tema.
- O Sr. Mouriño Santiago di que preguntará sobre o asunto.
- O Sr. García Dorgambide di que a Policía Local recibiu tres vehículos do Concello e un da Xunta de Galicia e pregunta ¿foron retirados os vehículos vellos?, e ¿onde están?
- O Sr. Pérez Callón contesta que se informará.
- A Sra. Llovo del Río indica que un vehículo ía ser para o cemiterio e pregunta se segue arranxandose.
Di que recolleu as demandas dos colexios formuladas á Xunta de Galicia, pero as demandas ao Concello non están nesa relación.
- O Sr. Serén Mera dille que pase polo Departamento de Educación.
- A Sra. Llovo del Río pregunta ¿en que se utilizaron os 100.000 € de investimento nos colexios públicos?

- O Sr. Serén Mera contesta que en Intervención lle dixeron que era menos importe e pode informarse a Sra. Llovo.

18.- QUENDA DE ROGOS E PREGUNTAS ENTRE O PÚBLICO ASISTENTE Á SESIÓN.

Por parte do público asistente fórmulanse rogos e preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, ás vinte e dúas horas, levantouse a sesión da que se estende a presente acta e eu, Secretaria, dou fe.